

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

(LOMCE CURSOS PARES)

IES PRIMEIRO DE MARZO

CURSO 2022-23

Índice

INFORMACIÓN XERAL

→ PRESENTACIÓN-----	5
x Cursos	
x Contexto no que se desenvolve a programación	
→ INFORMACIÓN SOBRE A PROGRAMACIÓN O ALUMNADO-----	7

PROGRAMACIÓN 2ºBAC

x Introducción-----	8
x Competencias clave-----	9
x Obxectivos xerais-----	12
x Obxectivos mínimos para superar a materia-----	14
x Concrecións de cada estándar de aprendizaxe avaliable-----	16
x Temporalización-----	35
x Concrecións metodolóxicas-----	35
x Materiais e recursos didácticos-----	37
x Criterios de avaliación e cualificación-----	38
x Procedementos para acreditar os coñecementos previos-----	41
x Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos seus resultados-----	42
x Elementos transversais-----	42
x Contribución o plan de integración das tics-----	46
x Actividades complementarias-----	47
x Medidas de atención a diversidade-----	47

ECONOMÍA 4º ESO

x Introducción-----	49
x Competencias clave-----	51
x Obxectivos xerais da etapa-----	56
x Obxectivos específicos da materia-----	58
x Concrecións de cada estándar de aprendiz. Avaliable-----	62
x Concrecións metodolóxicas-----	73
x Organización dos procedementos que lle permitan o alumno acreditar os coñecementos necesarios na materia-----	75

x	Avaliación e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados-----	75
x	Criterios de avaliación, cualificación e promoción-----	77
x	Materiais e recursos didácticos-----	80
x	Contribución o proxecto lector-----	82
x	Contribución ao plan de integración das tics-----	83
x	Medidas de atención a diversidade-----	84
x	Elementos transversais-----	85
x	Actividades complementarias e extraescolares-----	89

FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

x	Introdución-----	90
x	Competencias clave-----	91
x	Obxectivos xerais-----	94
x	Obxectivos da materia-----	95
x	Contidos mínimos para superar a materia-----	96
x	Concrecións de cada estándar de aprendiz. Avaliable-----	98
x	Temporalización-----	104
x	Concrecións metodolóxicas-----	106
x	Materiais e recursos didácticos-----	107
x	Procedementos e instrumentos de avaliación-----	109
x	Criterios de avaliación e cualificación-----	111
x	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes-----	113
x	Organiz. Dos procedementos que lle permitan o alumno acreditar os coñecementos necesarios da materia -----	113
x	Avaliac. Inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos resultados-----	114
x	Medidas de atención a diversidade-----	115
x	Elementos transversais-----	116
x	Contribución o plan de integración das tics-----	117
x	Actividades complementarias-----	118

INICIACIÓN A ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL

x	Fundamentos da actividade emprendedora-----	119
x	Obxectivos xerais da educación secundaria-----	119
x	Obxectivos específicos da área de IAE-----	121
x	Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave-----	123
x	Secuenciación de contidos-----	128
x	Unidades didácticas e temporalización-----	129
x	Concrecións de cada estándar de aprendizaxe avaliable-----	134
x	Concrecións metodolóxicas-----	141
x	Materiais e recursos didácticos-----	143
x	Avaliación: criterios, proc., instrumentos, cualificación e promoción -----	144
x	Organización das materias de seguimento, recuperac. E avaliación das materias pendentas-----	147
x	Contribución ao proxecto lector-----	148
x	Contribución ao plan de integración das tcs-----	149
x	Medidas de atención a diversidade-----	151
x	Concrecións dos elementos transversais-----	152
x	Actividades complementarias e extraescolares-----	153
	AVALIACIÓN DO PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE-----	154

PRESENTACIÓN

A presente programación corresponde ó curso 2022/23, no que o departamento de economía impartirá as materias de:

BACHARELATO

1. Economía 1º bacharelato
2. Economía e Organización de Empresas 2º bacharelato
3. Fundamentos de Administración e xestión 2º bacharelato

4º DA ESO:

1. Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
2. Economía

CICLO SUPERIOR DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL

- 1, Empresa e iniciativa emprendedora

Na práctica docente esta programación terá un grao de flexibilidade, xa que é necesario debido o diferente ritmo de aprendizaxe dos distintos alumnos.

O departamento está integrado por:

- Teresa Rouco (Xefa de Departamento)

CONTEXTO NO SE DESENVOLVE A PROGRAMACIÓN

1. A Contorna

Esta materia impartirase nun centro de Ensino Medio, radicado nunha vila do suroeste da provincia de Pontevedra en Galicia, Baiona, nun entorno rural e industrial e cunha poboación de algo máis de doce mil habitantes, integrado na Área Metropolitana de Vigo. Baiona é unha localidade de gran importancia no sector turístico, e zona está industrialmente desenvolvida pola proximidade a Vigo (coa súa Zona Franca e peirao) e o polígono industrial de Porto de Molle situado no concello limítrofe de Nigrán.

1. O Centro

O IES Primeiro de Marzo está situado fóra do casco urbano da vila de Baiona. Só uns poucos alumnos/os poden chegar o instituto camiñando, a maioría ten que facer uso necesariamente do transporte escolar. A parada de transporte público máis próxima está a

850 m e non todos os lugares están comunicados por este medio. Esta situación limita a realización de actividades fóra do horario lectivo ao depender da dispoñibilidade das familias para traelos ao centro e, tamén provoca que teñamos unha mala conexión a internet que limita o uso dos ordenadores co alumnado. A mellora da conexión é indispensable para que os ordenadores sexan ferramentas cotiás na clase.

O alumnado da ESO procede dos centros adscritos, CP de Fontes e Sabarís e do CP de Oia, no Bacharelato incorpórase o alumnado do CPI de Covaterreña. O nivel socio-cultural das familias é medio-baixo, habendo un número significativo de alumnado con necesidades educativas especiais.

Lexislación

Este curso se produce un cambio de lexislación educativa nos cursos impares. A nova programación téñese que facer na aplicación da Xunta. Polo tanto nesta programación só aparecerán os cursos pares e o relacionado coa LOMCE.

Ao ser un centro de titularidade pública, toda a súa actividade estará rexida pola lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación esta elaborada en concordancia a seguinte lexislación:

- L.O. 8/2013 do 9 de decembro para o avance da calidade educativa (LOMCE)
- RD 1105/2014 do 26 de decembro (Currículo de ESO e BACH)
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño (Currículo de ESO e Bach. Galicia)
- R.D. 665/2014 do 17 de xullo (Disposicións sobre ou exercicio da docencia)
- Resolución 15 de Xullo de 2016 (Implantación curso 2016/2017)
- Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro sobre competencias, contidos e criterios de avaliación. Atendendo á nova definición contemplada na LOMCE, o currículo integrarase por :
 - Os obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
 - As competencias clave.
 - Os contidos, coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias.
 - A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas como a organización do traballo dos docentes.
 - Os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias, estándares de aprendizaxe e logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.

INFORMACIÓN SOBRE A PROGRAMACIÓN O ALUMNADO

A profesora destinará unha sesión a principio do curso para informar ao alumnado da programación da materia.

O alumnado ten a posibilidade de consultar a programación didáctica en calquera momento. Esta dispoñibilidade pode ser de dúas formas:

- A través da aula virtual no curso correspondente, ou previa petición a profesora da materia, xefa do departamento.
- Dende a páxina web do centro onde se pode descargar a programación didáctica.

ECONOMÍA DA EMPRESA. 2ºBACHARELATO

INTRODUCCIÓN

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes:

"A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos;

"Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento;

"Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa;

"A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles;

"A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos;

"A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente

"A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisión de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

COMPETENCIAS CLAVE

A competencia en comunicación lingüística

Ponse de manifesto na distinción entre formulacións económicas positivas ou normativas, criterios de clasificación dos mercados, valoración de diferenzas entre os distintos tipos de mercado (competencia perfecta, monopolios, oligopolios, competencia monopolística), explicar o funcionamento do diñeiro e valorar o papel do sistema financeiro nunha economía de mercado, describir os efectos das variacións dos tipos de interese na economía, expresar as razóns que xustifican o comercio internacional, diferenciación de conceptos de crecemento e desenvolvemento, reflexionar e comunicar os problemas ambientais provocados pola actividade económica.

A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Aplicación do razoamento matemático para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto a través das áreas relativas aos números, álgebra, xeometría e estatística. En economía utilizarase a competencia matemática para a análise económica,

determinando a eficiencia técnica e económica; calcular, analizar e interpretar graficamente os ingresos, custos e beneficios empresariais; calcular e analizar graficamente as curvas de demanda e oferta, e calcular as elasticidades; comprender a información gráfica e os datos de diferentes variables macroeconómicas; interpretar e analizar datos e gráficos relacionados co mercado laboral; analizar datos de inflación e desemprego a nivel nacional e autonómico. A competencia en ciencia e tecnoloxía permitiranos en Economía reflexionar sobre problemas ambientais, coñecer e valorar a importancia do logro dun desenvolvemento sustentable, desenvolver actitudes positivas en relación co medioambiente e a súa consideración como variable na toma de decisións económicas.

A competencia dixital.

Uso creativo, crítico e seguro do TIC (para alcanzar obxectivos profesionais e persoais que permitan ser competentes nunha contorna dixital) utilízase en economía para coñecer os cambios máis recentes no escenario económico mundial, coñecer nun contexto global como se relaciona a división do traballo coa interdependencia económica, investigar casos reais de diferentes formas de mercado, interpretar a información de diferentes variables macroeconómicas, investigar ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego, e identificar os obxectivos e a finalidade do BCE.

A competencia de aprender a aprender

Permite a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida, esixe en primeiro lugar a capacidade de motivación, e en segundo coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e demandas das tarefas e actividades de aprendizaxe. En relación á materia de Economía trátase de abordar a resolución de problemas económicos en situacións económicas internacionais, estudar e analizar as repercusións da actividade empresarial próxima e internacional, valorar a influencia do tipo de mercado sobre os axentes económicos participantes, valorar a relación entre educación e emprego, recoñecer ámbitos tendenciais de emprego, ou describir os efectos das variacións dos tipos de interese.

As competencias sociais e cívicas.

Habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade que permitan interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados) concrétese en Economía na análise das diferentes formulacións e formas de abordar os principais sistemas económicos, a comparación de diversos tipos de mercados, a análise crítica dos diferentes indicadores económicos como instrumentos para medir a

calidade de vida, o estudo das causas de inflación e as súas repercusións económicas e sociais, o describir as implicacións e efectos da globalización económica, o estudo das consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza e medioambiente, o estudo do contexto internacional e a desigual distribución da riqueza, e a abordaxe da competencia cívica desde a comprensión das experiencias colectivas de organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades e a súa organización económica.

A competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Tratase de desenvolver a capacidade de transformar as ideas en actos.

Dende a materia de Economía contribúese coa inclusión da necesidade de tomar decisións e elixir, analizar e interpretar obxectivos e funcións das empresas, estudar a eficiencia técnica e económica de casos expostos, coñecemento de custos da empresa, representación e interpretación gráfica, estudo de factores que determinan a oferta e a demanda, valoración da formación como elemento crave para a obtención de emprego e mellora dos salarios, investigación e recoñecemento de ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego, valoración do papel do sistema financeiro como canalizar do aforro ao investimento, descrición dos efectos dos tipos de interese en Economía, análise de implicacións e efectos da globalización económica, e estudo das consecuencias do crecemento económico sobre a repartición da riqueza.

A competencia en conciencia e expresións culturais.

Contribúe desde a materia de Economía pondo en xogo habilidades de pensamento diverxente e converxente, reelaborando ideas e sentimentos propios e alleos; atopando fontes, formas e canles de comprensión e expresión. Planificando, avaliando e axustando os procesos necesarios para alcanzar uns resultados, xa sexa no ámbito persoal ou académico.

Competencia	Descriptor	Desempeño
Competencia en comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos. - Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información. - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explica con coherencia os temas expostos ao docente ou aos seus compañeiros e compañeiras. - Busca información sobre os temas propostos na unidade e exponos ao resto do grupo. - Explica e debate en clase ante o docente e os seus compañeiros e compañeiras os temas expostos nas actividades.
Competencia dixital	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a procura de información. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza diversas fontes de información na realización das actividades propostas: Internet, a prensa dixital, prensa escrita.

	- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Reflexiona criticamente sobre as mensaxes informativas recibidos por diferentes fontes de información.
Competencia para aprender a aprender	- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, interdependente. - Identificar potencialidades persoais como aprendiz.	- Recoñece vos aspectos aprendidos na unidade. - Reflexiona sobre o seu papel como aprendiz. - Identifica a autorreflexión como un elemento de aprendizaxe.
Competencias sociais e cívicas	- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.	- Acepta as ideas e opinións dos compañeiros e compañeiras de forma positiva. - Crea a súa propia escala de valores ao fío do aprendido sobre as diferentes posturas económicas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.	- Desenvolve ideas a partir das que se propoñen nas actividades ou as que achegan outros compañeiros e compañeiras. - Desenvolve ideas de novos produtos e negocios a partir de cuestións expostas nos textos de apoio.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. - Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. - Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.	- Recoñece a importancia das ciencias sociais e a súa influencia na nosa vida cotiá. - Utiliza o método dedutivo para explicar situacións económicas reais. - Utiliza argumentacións lóxicas para explicar diversos conceptos económicos. - Resolve as actividades e situacións hipotéticas expostas na unidade. - Recoñece a importancia das ciencias sociais e a súa influencia na nosa vida cotiá.
Competencia en conciencia e expresións culturais.	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes, e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Valora adecuadamente a creatividade e a orixinalidade.

OBXECTIVOS XERAIS

O ensino da Economía da empresa no bacharelato contribuirá o desenvolvemento das capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a

corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

OBXECTIVOS MÍNIMOS DE LOGRO PARA SUPERAR A MATERIA

- Describe os obxectivos e funcións dunha empresa.
- Distingue as funcións básicas da dirección.
- Distingue entre empresario e propietario, e coñece os diferentes visións do empresario.
- Clasifica as empresas por actividade, dimensión, carácter público ou privado, tipo de mercado ou forma xurídica.
- Relaciona as formas xurídicas coas exixencias de capital e responsabilidade.
- Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.
- Valora os efectos positivos e negativos das actuación das empresas no seu entorno.
- Recoñece a creación de valor que aporta a empresa a sociedade.
- Describe os factores que determinan a localización e dimensión dunha empresa, industrial e comercial.
- Comprende as estratexias competitivas e define as economías de escala.
- Explica brevemente as estratexias de especialización e diversificación.
- Diferencia as estratexias de crecemento interno e externo.
- Recoñece as vantaxes e inconvenientes das PEMES.
- Identifica os aspectos positivos e negativos da empresa multinacional.
- Describe brevemente a importancia da RSE das multinacionais.
- Recoñece a importancia das novas tecnoloxías nas estratexias de competitividade.

- Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.
- Comprende o concepto do punto morto, calcúlao e represéntao.
- Relaciona división técnica do traballo con interdependencia e globalización.
- Explica as distintas formas de estrutura organizativa dunha empresa.
- Define os estilos de dirección.
- Diferencia a organización formal e informal.
- A partir do coñecemento directo dunha empresa ou institución (o propio centro escolar como institución, visita a unha empresa, asociación cultural), describir a súa estrutura organizativa, estilo de dirección e de comunicación, grao de participación nas decisións, organización informal.
- Comprende a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión.
- Coñece os métodos de resolución de conflitos dentro da empresa,
- Comprende o concepto de produtividade e realiza o seu calculo.
- Recoñece e valora as variábeis que inciden nos indicadores de produtividade dunha empresa.
- Valora a relación entre motivación e produtividade.
- Analiza correctamente a produtividade dun factor, a produtividade global e a taxa de produtividade.
- Valora a importancia que para as empresas e a sociedade teñen a investigación, innovación, as tecnoloxías da información e comunicación e as redes sociais.
- Distingue e calcula os diferentes os métodos de valoración de existencias
- Diferencia e calcula os costes da xestión de inventarios e o volumen óptimo de pedido.
- Analiza as características do mercado e explica, de acordo con elas, as políticas de mercadotecnia aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.
- A partir dos datos básicos do balance dunha empresa, identifica a función dos seus elementos patrimoniais e interpretar o sentido económico e financeiro de cada un dos seus apartados, detectando posibles desequilibrios.
- Identifica as principais fontes de financiamento da empresa tanto externas como

internas, así como analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as distintas posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.

- Identifica os datos máis relevantes do balance e de a conta de perdas e ganancias.
- Diagnosticando a situación dunha empresa partir de a información obtida nas contas anuais e propondo medidas para a súa mellora.
- Distingue os elementos básicos dos impostos e explica os diferentes impostos que afectan as empresas.
- Valora a importancia da información na toma de decisións.
- Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.

CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

PRIMEIRO TRIMESTRE

UNIDADE 1: EMPRESA FUNCIÓNS E COMPOÑENTES. O EMPRESARIO. A RSC

OBJECTIVOS DE UNIDADE	COMPETENCIAS CLAVE (CCC) DE UNIDADE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>Obx.EOE.1. Analizar as características máis relevantes dos distintos tipos de empresas e identificar os seus compoñentes, funcións, obxectivos, organización e interrelacións que existen entre elas.</p> <p>Obx.EOE.2. Apreciar o papel das empresas na satisfacción de necesidades dos consumidores e no aumento da calidade de vida e benestar, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións. Recoñecer a empresa como motor do benestar colectivo, que debe asumir unha responsabilidade social baseada en criterios éticos.</p> <p>Obx.EOE.3. Valorar a importancia que para as empresas e a sociedade teñen a investigación, innovación, as tecnoloxías da información e comunicación e as redes sociais, así como a globalización económica en relación coa competitividade, o crecemento e a localización.</p> <p>Obx.EOE.10. Afianzar o espírito emprendedor a través do fomento das calidades emprendedoras e creativas.</p>	<p>Competencia de aprender a aprender (CAA)</p> <p>Competencias sociais e cívicas (CSC)</p> <p>Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CIEE)</p> <p>Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)</p>	<p>Probas escritas</p> <p>Traballos individuais</p> <p>Traballos en grupo</p> <p>Observación traballo de aula.</p>

TEMPORALIZACIÓN 6 sesións lectivas.				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grado mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> A empresa e o empresario. (Bloque 1) Clasificación, compoñentes, funcións e obxectivos da empresa. (Bloque 1) Análise do marco xurídico que regula a actividade empresarial. (Bloque 1) Funcionamento e creación de valor. (Bloque 1) Interrelacións coa contorna económica e social. (Bloque 1) Valoración da responsabilidade social e ambiental da empresa. (Bloque 1) 	<p>Descibir e interpretar os diferentes elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na Economía, así como as distintas formas xurídicas que adoptan relacionando con cada unha delas as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores e as esixencias de capital.</p> <p>(Bloque 1)</p>	Describe e interpreta os diferentes elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na Economía.	CAA	80%
		Distingue as diferentes formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e responsabilidades para cada tipo.	CAA CSC	100%
		Valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso en función das características concretas aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA CSC	100%
		Analiza a un determinado estudo de caso , as empresas diferentes criterios de clasificación: dependendo da natureza das actividades realizadas , o seu tamaño , nivel tecnolóxico alcanzado , o tipo de mercado no que operan , a forma legal que tomar , a público ou privado .	CAA CSC CIEE	100%
		Identifica os diferentes tipos de empresas e empresarios que actúan na súa contorna	CAA CIEE	

		así como a forma de interrelacionar co seu ámbito máis próximo.	CCEC	60%
	Identificar e analizar os trazos principais da contorna no que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade (Bloque I)	Analiza a relación empresa, sociedade e medioambiente. Valora os efectos, positivos e negativos, das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	CAA CIEE CCEC	80%
		Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador e de progreso e valora a súa creación de valor para a sociedade e para os seus cidadáns..	CAA CIEE CCEC	80%

UNIDADE 2: O MARCO XURÍDICO DA EMPRESA. CLASES DE EMPRESAS

OBXECTIVOS DA UNIDADE	COMPETENCIAS	PROC. E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Analizar as características máis relevantes dos distintos tipos de empresas e identificar os seus compoñentes, funcións, obxectivos, organización e interrelacións que existen entre elas.	Competencia para aprender a aprender Competencias sociais e cívicas Sentido de iniciativa e emprendimiento	Probas escritas Traballos individuais Traballos en grupo Observación traballo de aula.
TEMPORALIZACIÓN		9-10 sesións lectivas

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo de consecución de cada estándar
<ul style="list-style-type: none"> Clasificación, compoñentes, funcións e obxectivos da empresa. (Bloque 1) Análise do marco xurídico que regula a actividade empresarial. (Bloque 1) 	<p>Describir e interpretar os diferentes elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na Economía, así como as distintas formas xurídicas que adoptan relacionando con cada unha delas as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores e as esixencias de capital. (Bloque1I)</p>	Distingue as diferentes formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e responsabilidades para cada tipo	CAA	100%
		Valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso en función das características concretas aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA CIEE	100%
		Analiza, para un determinado caso práctico, os distintos criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado no que operan, a fórmula xurídica que adoptan, o seu carácter público ou privado.	CAA CSC CIEE	100%

UNIDADE 3: ESTRATEXIA E DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL				
OBXECTIVOS DA UNIDADE		COMPETENCIAS		PROC. E INSTRUM. DE AVALIACIÓN
<p>Apreciar o papel das empresas na satisfacción de necesidades dos consumidores e no aumento da calidade de vida e benestar, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións. Recoñecer a empresa como motor do benestar colectivo, que debe asumir unha responsabilidade social baseada en criterios éticos.</p> <p>Tomar decisións a partir da análise de situacións reais ou imaxinarias, entre distintas alternativas que se expoñen nas distintas áreas funcionais da empresa.</p> <p>Afianzar o espírito emprendedor a través do fomento das calidades emprendedoras e creativas.</p>		<p>Competencia lingüística</p> <p>Competencia para aprender a aprender</p> <p>Competencias sociais e cívicas</p> <p>Sentido de iniciativa e emprendimiento</p> <p>Conciencia e expresións culturais</p>		<p>Probas escritas</p> <p>Traballos individuais</p> <p>Traballos en grupo</p> <p>Observación traballo de aula.</p>
TEMPORALIZACIÓN				
		10-12 sesións lectivas.		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo de consecución de cada estándar
<ul style="list-style-type: none"> Funcionamento e creación de valor. (Bloque 1) Interrelacións coa contorna económica e social. (Bloque 1) Valoración da responsabilidade social e ambiental da empresa. (Bloque 1) 	<p>Identificar e analizar os trazos principais da contorna no que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles (Bloque I).</p>	<p>Analiza a relación empresa, sociedade e medioambiente. Valora os efectos, positivos e negativos, das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.</p>	<p>CAA</p> <p>CIEE</p> <p>CCEC</p>	80%
		<p>Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador e de progreso e valora a súa creación de valor para a sociedade e</p>	<p>CAA</p> <p>CIEEC</p>	80%

		para os seus cidadáns.	CEC	
<ul style="list-style-type: none"> Localización e dimensión empresarial. (Bloque 2) Estratexias de crecemento interno e externo. (Bloque 2) Consideración de a importancia das pequenas e medianas empresas e as súas estratexias de mercado. (Bloque 2) Internacionalización, competencia global e a tecnoloxía. (Bloque 2) Identificación de os aspectos positivos e negativos da empresa multinacional. (Bloque 2) 	<p>Identificar e analizar as diferentes estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tomando en consideración as características do marco global no que actúan.</p>	<p>Escribe e analiza os diferentes factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, así como valora a transcendencia futura para a empresa das devanditas decisións.</p>	<p>CCL CSC CIEE</p>	100%
		<p>Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.</p>	<p>CSC CIEE</p>	100%
		<p>Explica e distingue as estratexias de especialización e diversificación.</p>	<p>CSC CIEE</p>	100%
		<p>Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.</p>	<p>CSC CIEE</p>	80%
		<p>Examina o papel das pequenas e medianas empresas no noso país e valora as súas estratexias e formas de actuar, así como as súas vantaxes e inconvenientes.</p>	<p>CCL CSC CIEE</p>	80%

		Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional e valora a importancia de a responsabilidade social e ambiental.	CCL CSC CIEE	80%
		Estuda e analiza o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa e relaciónao coa capacidade para competir de forma global.	CSC CIEE	100%
UNIDADE 4: DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN DA EMPRESA				
OBXECTIVOS DA UNIDADE		COMPETENCIAS		PROC. E INSTRUM. DE AVALIACIÓN
<p>Analizar as características máis relevantes dos distintos tipos de empresas e identificar os seus compoñentes, funcións, obxectivos, organización e interrelacións que existen entre elas.</p> <p>Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.</p> <p>Tomar decisións a partir da análise de situacións reais ou imaxinarias, entre distintas alternativas que se expoñen nas distintas áreas funcionais da empresa.</p>		<p>Competencia lingüística</p> <p>Sentido de iniciativa e emprendemento</p> <p>Conciencia e expresións culturais</p>		<p>Probas escritas</p> <p>Traballos individuais</p> <p>Traballos en grupo</p> <p>Observación traballo de aula.</p>
TEMPORALIZACIÓN		8-10 sesións		

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo de consecución de cada estándar
<ul style="list-style-type: none"> A división técnica do traballo e a necesidade de organización no mercado actual. (Bloque 3) Funcións básicas da dirección. (Bloque 3) Planificación e toma de decisións estratéxicas. (Bloque 3) Deseño e análise de a estrutura da organización formal e informal. (Bloque 3) 	<p>Explicar a planificación, organización e xestión de os recursos de unha empresa, valorando as posibles modificacións a realizar en función da contorna no que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos expostos.</p> <p>(Bloque 3).</p>	Reflexiona e valora sobre a división técnica do traballo en un contexto global de interdependencia económica.	CIEE CCEC	100%
		Describe a estrutura organizativa, estilo de dirección, canles de información e comunicación, grao de participación na toma de decisións e organización informal de a empresa.	CCL CIEE CCEC	100%
		Identifica a función de cada unha das áreas de actividade de a empresa: aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento e recursos humanos, e administrativa, así como as súas interpelacións.	CCL CIEE	100%
		Analiza e investiga sobre a organización existente en as empresas de a súa contorna máis próxima, identificando vantaxes e inconvenientes, detectando problemas a solucionar e describindo propostas de mellora.	CCL CIEE CCEC	80%
		Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, detectando problemas e propondo melloras.	CIEE	80%

SEGUNDO TRIMESTRE

UNIDADE 5: XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

OBXECTIVOS DA UNIDADE	COMPETENCIAS	PROC. E INSTRUM. DE AVALIACIÓN
<p>Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.</p> <p>Tomar decisións a partir da análise de situacións reais ou imaxinarias, entre distintas alternativas que se expoñen nas distintas áreas funcionais da empresa.</p>	<p>Sentido de iniciativa e emprendemento</p>	<p>Probas escritas Traballos individuais Traballos en grupo Observación traballo de aula.</p>

TEMPORALIZACIÓN 8-10 sesións lectivas

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo de consecución de cada estándar
<ul style="list-style-type: none"> • Xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación. (Bloque 3) • Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. (Bloque 3) 	<p>Explicar a planificación, organización e xestión de os recursos de unha empresa, valorando as posibles modificacións a realizar en función da contorna no que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos expostos. (Bloque 3).</p>	<p>Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.</p>	<p>CIEE</p>	<p>100%</p>

UNIDADE 6: ÁREA DE PRODUCCIÓN. O PROCESO PRODUTIVO E OS CUSTOS				
OBXECTIVOS DA UNIDADE		COMPETENCIAS		PROC. E INSTRUM. DE AVALIACIÓN
<p>Valorar a importancia que para as empresas e a sociedade teñen a investigación, innovación, as tecnoloxías da información e comunicación e as redes sociais, así como a globalización económica en relación coa competitividade, o crecemento e a localización.</p>		<p>Competencia dixital</p> <p>Sentido de iniciativa e emprendemento</p> <p>Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</p>		<p>Probas escritas</p> <p>Traballos individuais</p> <p>Traballos en grupo</p> <p>Observación traballo de aula.</p>
TEMPORALIZACIÓN 10-12 sesións lectivas				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo de consecución de cada estándar
<ul style="list-style-type: none"> Proceso produtivo, eficiencia e produtividade (Bloque 4) Investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e mellora da competitividade empresarial. (Bloque 4) Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. (Bloque 4) 	<p>Analizar diferentes procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, recoñecendo a importancia da I+D+i</p> <p>(Bloque 4)</p>	<p>Realiza cálculos da produtividade de distintos factores, interpretando os resultados obtidos e coñece medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.</p>	<p>CMCT</p> <p>CD</p> <p>CIEE</p>	100%
		<p>Analiza e valora a relación existente entre a produtividade e os salarios dos traballadores.</p>	<p>CMCT</p> <p>CD</p> <p>CIEE</p>	100%
		<p>Reflexiona sobre a importancia, para a sociedade e para a empresa, da investigación e a innovación tecnolóxica en relación coa</p>	<p>CMCT</p> <p>CD</p> <p>CIEE</p>	100%

<ul style="list-style-type: none"> • Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. <p>(Bloque 4)</p>		competitividade e o crecemento.		
	<p>Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto exposto.</p>	<p>Diferencia os ingresos e custos xerais dunha empresa e identifica o seu beneficio ou perda xerado ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos para a interpretación de resultados.</p>	<p>CMCT CD CAA</p>	<p>100%</p>
		<p>Manexa e calcula os distintos tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa e represéntaos graficamente.</p>	<p>CMCT CD</p>	<p>80%</p>
		<p>Recoñece o limiar de vendas necesario para a supervivencia da empresa.</p>	<p>CMCT CD</p>	<p>100%</p>
		<p>Analiza os métodos de análises custo beneficio e análise custo eficacia como medios de medición e avaliación, de axuda para a toma de decisións.</p>	<p>CMCT CD CAA</p>	<p>100%</p>

UNIDADE 7: ÁREA DE APROVISIONAMENTO. XESTIÓN DE INVENTARIOS				
OBXECTIVOS DA UNIDADE		COMPETENCIAS		PROC. E INSTRUM. DE AVALIACIÓN
Tomar decisións a partir da análise de situacións reais ou imaxinarias, entre distintas alternativas que se expoñen nas distintas áreas funcionais da empresa.		Competencia dixital Competencia aprender a aprender Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía		Probas escritas Traballos individuais Traballos en grupo Observación traballo de aula.
TEMPORALIZACIÓN 8-10 sesións lectivas				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo de consecución de cada estándar
<ul style="list-style-type: none"> Os inventarios de a empresa e os seus custos. (Bloque 4) Modelos de xestión de inventarios. (Bloque 4) 	Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. (Bloque 4)	Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e eficiencia nunha empresa.	CMCT CD CAA	100%
		Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	CMCT CD CAA	100%
		Est. EOE. 4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	CMCT CD CAA	100%

UNIDADE 8: ÁREA COMERCIAL. A MERCADOTECNIA				
OBXECTIVOS DE UNIDADE		COMPETENCIAS		PROC. E INSTRUM. DE AVALIACIÓN
<p>Valorar a importancia que para as empresas e a sociedade teñen a investigación, innovación, as tecnoloxías da información e comunicación e as redes sociais, así como a globalización económica en relación coa competitividade, o crecemento e a localización.</p> <p>Tomar decisións a partir da análise de situacións reais ou imaxinarias, entre distintas alternativas que se expoñen nas distintas áreas funcionais da empresa.</p> <p>Analizar as distintas políticas de mercadotecnia que adoptan as empresas segundo os mercados aos que se dirixen, valorando os límites éticos que ditas políticas deben considerar. Comprender a necesidade de adoptar unha mercadotecnia social para que os obxectivos das empresas sexan compatibles cos da sociedade, aumentando o seu benestar.</p>		<p>Competencia lingüística</p> <p>Sentido de iniciativa e emprendemento</p> <p>Conciencia e expresións culturais</p>		<p>Probas escritas</p> <p>Traballos individuais</p> <p>Traballos en grupo</p> <p>Observación traballo de aula.</p>
TEMPORALIZACIÓN		10-12 sesións lectivas		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo de consecución de cada estándar
<ul style="list-style-type: none"> Concepto e clases de mercado. (Bloque 5) Técnicas de investigación de mercados. (Bloque 5) Análise do consumidor e segmentación 	<p>Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de mercadotecnia aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.</p>	<p>Caracteriza un mercado en función de diferentes variables, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.</p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p>	<p>100%</p>
		<p>Identifica, e adapta a cada caso, en concreto, as</p>	<p>CCL</p>	

<p>de mercados. (Bloque 5)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Variables da mercadotecnia-mix e elaboración de estratexias. (Bloque 5) • Estratexias de mercadotecnia e ética empresarial. (Bloque 5) • Aplicación á mercadotecnia das tecnoloxías máis avanzadas. (Bloque 5) 	<p>(Bloque 5)</p>	<p>diferentes estratexias e enfoques de mercadotecnia</p>	<p>CIEE CCEC</p>	<p>80%</p>
		<p>Interpreta e valora estratexias de mercadotecnia, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.</p>	<p>CCL CCEC</p>	<p>80%</p>
		<p>Comprende e explica as diferentes fases e etapas da investigación de mercados.</p>	<p>CCL</p>	<p>100%</p>
		<p>Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en distintos casos prácticos.</p>	<p>CCL CCEC</p>	<p>80%</p>
		<p>Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación co desenvolvemento da tecnoloxía máis actual aplicada á mercadotecnia.</p>	<p>CCL CIEE CCEC</p>	<p>80%</p>

TERCEIRO TRIMESTRE

UNIDADE 9: ESTADOS FINANZEIROS DA EMPRESA E A FISCALIDADE EMPRESARIAL

OBXECTIVOS DA UNIDADE	COMPETENCIAS	PROC. E INSTRUM. AVALIACIÓN
Interpretar de modo xeral estados de contas anuais das empresas, identificando os seus posibles desequilibrios económicos e financeiros e propor medidas correctoras.	Competencia lingüística Competencia dixital Competencia para aprender a aprender Competencias sociais e cívicas Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	Probas escritas Traballos individuais Traballos en grupo Observación traballo de aula.

TEMPORALIZACIÓN 12-14 sesións lectivas

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo consecución de cada estándar.
<ul style="list-style-type: none"> Obrigacións contables da empresa. (Bloque 6) A composición do patrimonio e a súa valoración. (Bloque 6) As contas anuais e a imaxe fiel. (Bloque 6) Elaboración do balance e a conta de perdas e ganancias. (Bloque 6) Análise e interpretación da 	Identificar os datos máis relevantes do balance e de a conta de perdas e ganancias, explicando o seu significado, diagnosticando a situación a partir de a información obtida e propondo medidas para a súa mellora. (Bloque 6)	Recoñece os diferentes elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	CCL CD CAA	100%
		Identifica e manexa correctamente os bens, dereitos e obrigacións de a empresa en masas patrimoniais.	CCL CD CAA	100%
		Interpreta a correspondencia entre investimentos e o seu financiamento.	CCL CD CAA	100%
	Recoñecer a importancia do cumprimento das	Identifica as obrigacións fiscais das empresas segundo a	CCL CMCT CSC	

información contable. (Bloque 6)	obligacións fiscais e explicar os diferentes impostos que afectan as empresas.	actividade, sinalando o funcionamento básico de os impostos e as principais diferenzas entre eles. Valora a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.		100%
• A fiscalidade empresarial. (Bloque 6)				

UNIDADE 10: ANÁLISE DOS ESTADOS FINANCEIROS DA EMPRESA

OBXECTIVOS DA UNIDADE	COMPETENCIAS	PROC. E INSTRUM. AVALIACIÓN
Interpretar de modo xeral estados de contas anuais das empresas, identificando os seus posibles desequilibrios económicos e financeiros e propor medidas correctoras.	Competencia lingüística Competencia dixital Competencia para aprender a aprender	Probas escritas Traballos individuais Traballos en grupo Observación traballo de aula.

TEMPORALIZACIÓN 12-14 sesións lectivas

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo consecución de cada estándar
• Elaboración do balance e a conta de perdas e ganancias. (Bloque 6)	Identificar os datos máis relevantes do balance e de a conta de perdas e ganancias, explicando o seu significado, diagnosticando a situación a partir de a información obtida e propondo medidas para a	Interpreta a correspondencia entre investimentos e o seu financiamento.	CCL CD CAA	100%
• Análise e interpretación da información contable. (Bloque 6)		Detecta, mediante a utilización de cocientes, posibles desaxustes en o equilibrio patrimonial, solvencia e apalancamiento da empresa.	CCL CD CAA	100%
		Propón medidas	CCL	

	súa mellora. (Bloque 6)	correctoras adecuadas en caso de detectarse desaxustes.	CD CAA	60%
		Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.	CCL CD CAA	80%
		Recoñece a conveniencia dun patrimonio equilibrado.	CCL CD CAA	100%
		Valora a importancia da información na toma de decisións.	CCL CD CAA	100%

UNIDADE 11: AREA DE FINANCIAMENTO				
OBXECTIVOS DA UNIDADE		COMPETENCIAS		PROC. E INSTRUM. AVALIACIÓN
Tomar decisións a partir da análise de situacións reais ou imaxinarias, entre distintas alternativas que se expoñen nas distintas áreas funcionais da empresa.		Competencia lingüística Competencia dixital Conciencia e expresións culturais Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía		Probas escritas Traballos individuais Traballos en grupo Observación traballo de aula.
TEMPORALIZACIÓN 10-12 sesións lectivas				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Relación de CCC con estándares	Grao mínimo de consecución de cada estándar
<ul style="list-style-type: none"> Estrutura económica e financeira de a empresa. (Bloque 7) Concepto e clases de investimento. (Bloque 7) Valoración e selección de proxectos de investimento. (Bloque 7) 	Valorar distintos proxectos de investimento, xustificando razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, e diferenciar as posibles fontes de financiamento en un determinado suposto, razoando a elección máis adecuada. (Bloque 7)	Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	CMCT CD CIEE	100%
		Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o financiamento externo e interna, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na	CMCT CD CIEE	100%

<ul style="list-style-type: none"> Recursos financeiros da empresa. (Bloque 7) Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo. (Bloque 7) 		marcha da empresa.		
		Analiza nun suposto concreto de financiamento externo as distintas opcións posibles, os seus custos e variantes de amortización.	CMCT CD CIEE	100%
		Analiza e avalía, a partir de unha necesidade concreta, as distintas posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	CIEE	100%
		Valora las fontes de financiamento de la empresa, tanto externas como internas.	CIEE	100%
		Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	CMCT CD CIEE	100%
		Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e resolución de supostos.	CMCT CD	100%

LENGUA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

TEMPORALIZACIÓN

A secuencia e a temporalización das distintas unidades de traballo é orientativa. A distribución temporal forma parte do conxunto da programación e deberá adaptarse as características e necesidades específicas do grupo de alumnos e alumnas, por tanto pode variar na medida que as circunstancias do curso e as necesidades dos alumnos e alumnas así o xustifiquen. A materia de economía prestase a participación e tamén o debate da realidade económica conectada coa unidade que se esta impartindo e pode alterar o tempo estimado para cada unidade.

A programación de economía da empresa, estará repartida en 7 bloques de contidos (cadro anterior onde se recollen obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e temporalización) que se impartirán en 11 unidades de traballo.

CONCRECIÓNS METODOLOXÍCAS

Por metodoloxía didáctica entendemos o conxunto de actividades e accións educativas que están organizadas e planificadas polo docente coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe dos estudantes.

A metodoloxía empregada será construtiva, é dicir, adaptarase ás características dos alumnos/as, favorecerá a capacidade de aprenderen por si mesmos o traballo en equipo, e promoverá a creatividade e o dinamismo integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.

Os principios básicos empregados para levar adiante este proceso de ensinanza-aprendizaxe serán entre outros:

- Partir do nivel do alumnado e dos coñecementos previos para favorecer a construción de aprendizaxes novas e significativas, ademais dunha memorización comprensiva, sinxela e produtiva.

- Promover unha visión global coordinada dos procesos produtivos nos que debe intervir o profesional.

- Propiciar situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais que teñan sentido e significado, e onde o alumnado actualice os seus coñecementos, favorecendo así a súa independencia.

- Organizar os contidos de forma ordenada e lóxica, para que o alumnado poida establecer relacións.

- Tratar de forma globalizada e integrada os distintos contidos.

- Integrar a teoría e a práctica.

- Fomentar un clima de cooperación nos traballos que favoreza a relativización dos puntos de vista, o incremento das aspiracións e do rendemento académico, o proceso de socialización, etc.

O desenvolvemento metodolóxico xeral das unidades de traballo, será realizado do seguinte modo:

- Sondaxe inicial sobre os coñecementos previos.

- Presentación dos aspectos esenciais da unidade a través dun mapa conceptual.

- Lectura comprensiva dos epígrafes teóricos da unidade e explicación de conceptos básicos.

- Realización de actividades complementarias e de aplicación.

- Resolución de dúbidas e corrección de actividades e exercicios.

- Actividade final referida a contidos esenciais da unidade.

- Proba escrita ó rematar cada un ou cada dous bloques temáticos.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto recomendado "ECONOMÍA DA EMPRESA", editorial MC Graw Hill.
- Apuntamentos subidos a aula virtual pola profesora.
- Outros libros de texto de apoio: ECONOMÍA DE LA EMPRESA da editorial SM e ECONOMÍA DE LA EMPRESA da editorial Galinova.
- Se seguirá tamén o modelo e esquema das probas de **acceso a universidade** e remitirase aos alumnos/as á consulta da matriz de especificacións establecida na Orden ECD/1941/2016, de 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación do Bacharelato para o acceso a Universidade.
- Terase en conta tamén as recomendacións do grupo de traballo de Economía para a proba de ABAU.

Recursos web

- <http://ciug.gal/grupos/economia.php>
- www.eea.eu.int Páxina da Axencia Europea de Ambiente.
- www.camerdata.es Páxinas webs das Cámaras de Comercio.
- www.rmc.es Páxina do Rexistro Mercantil.
- www.aeat.es Páxina da Axencia Tributaria.
- www.circe.es Páxina da Dirección Xeral de Política de Peme. Constitución de sociedades en Internet.
- www.cis.es Páxina do Centro de Investigacións Sociolóxicas. Contén diversas enquisas, algunhas das cales teñen que ver coa motivación dos consumidores.
- www.ico.es Páxina do Instituto Nacional de Crédito.
- www.ipyme.org Dirección Xeral de Política de Peme. Base de datos sobre axudas e subvencións.
- www.cofides.es Sociedade de capital risco.
- www.cesgar.es Sociedade de Garantía Recíproca.
- www.seg-social.es Páxina da Seguridade Social.
- www.sepe.es Servicio Público de Emprego Estatal. Tipos de contratos de traballo, Estatuto dos Traballadores, etc.

- www.mtas.es/mujer Páxina do Instituto da Muller. Iniciativas para promover o emprego da muller.
- www.pntic.mec.es Páxina do Programa de Novas Tecnoloxías do Ministerio de Educación.
- www.laboris.net Páxina web de búsqueda de emprego.
- www.creaciondeempresas.com Páxina de Improdex Desarrollo Empresarial S.L., que facilita información sobre a creación de empresas.
- www.constituciondesociedades.com Trámites on-line para constituir sociedades.
- www.emprendedorXXI.es Páxina de La Caixa. O portal do emprendedor innovador.
- www.aprendeaaemprender.com Páxina elaborada pola Xunta de Castela e León adicada a emprendedores.
- www.muñeresdeempresa.com Centro de negocios para empresarias e emprendedoras.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación efectuarase a través de dous elementos: a actitude e traballo na aula, e os exames de cada avaliación.

A actitude e traballo na aula será avaliada nun 10% da nota da avaliación (participación, realización de tarefas, traballo en equipo)

A valoración deste apartado realizarase do seguinte xeito:

b.1) Na valoración dos traballos terase en conta:

- Participación. 10%
- Presentación: 10%.
- Redacción e utilización da linguaxe económica: 30%.
- Puntualidade, dentro do prazo: 10%.
- Contidos: 40%.

Exames (un 90% da nota da avaliación):

Se realizarán dúas probas escritas por trimestre, do tipo de:

- Probas obxectivas de resposta breve.
- Probas obxectivas comentadas, nas que se lle pide ó alumnado que comente ou xustifique a súa resposta.
- Probas de definición de conceptos, nas que se debe expresar un concepto e inclusive propor exemplos ilustrativos.
- Resolución de problemas.

Todas as cuestións ou problemas terán como referencia os criterios de avaliación correspondentes. A súa valoración será do 90%. A puntuación obtida sumárase á correspondente nos outros apartados obxecto de avaliación.

Como criterio de corrección das actividades e das probas escritas, valoráranse os coñecementos teórico/prácticos do alumnado, así como o rigor nos razoamentos desenvolvidos e na linguaxe empregada. Na corrección de exames e traballos, teranse en conta e valoráranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos:

1. Claridade nos razoamentos.
2. Orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro. Non se permite a utilización do lapis.
3. Precisión nos cálculos numéricos.
4. Faltas de ortografía e erros gramaticais.
5. As preguntas teóricas deben estar ben razoadas, afondando nos conceptos a aplicar e non deixando ningún aspecto sen xustificar. En aquelas cuestións tipo test, nas que se lle ofrece ao/á alumno/a varias posibles respostas, a simple elección dunha delas, aínda que sexa a correcta, non suporá puntuación algunha se a resposta non está correctamente razoada e xustificada.
6. Nas preguntas a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais. Tamén se valorará positivamente a elaboración dun esquema-guión no que se resume o contido da resposta.
7. No relativo ás preguntas prácticas (problemas), na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado puntual, senón tamén a corrección (coherencia) da formulación e o reflexo das unidades correspondentes.
8. **O feito de que un alumno/a sexa collido/a copiando nun exame, levará consigo que a proba á cal pertenza o exame, lle sexa cualificada con un cero e expulsado do mesmo.**

Na avaliación parcial trimestral farase constar unha nota de entre 1 a 10 puntos. **No caso de dividir a materia dunha avaliación en dúas ou máis parte, farase media aritmética, pero será necesario acadar un mínimo de 4 puntos en cada parte para facer dita media e en caso de non se aprobar quedará suspensa a avaliación.**

No mes de maio haberá un exame final, coa materia distribuída por trimestres, para aqueles alumnos/as que teñan algunha avaliación suspensa.

A nota final da materia resultará da media aritmética das tres avaliacións, para acadar unha cualificación positiva, deberá ter superadas as tres avaliacións.

Aqueles alumnos/as que non acadasen unha cualificación positiva a final de curso, deberán realizar unha proba escrita na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global; estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación asociados, recollidos na presente Programación; a súa estrutura coincidirá coa das realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e deberase obter un mínimo de 5 puntos para considerarse superada.

Para superar esta proba o exame deberá ser respondido en todos os seus apartados cun mínimo de coherencia, non podendo deixarse sen contestar algún dos bloques, e dicir, da parte práctica e da parte teórica.

Actividades de recuperación

A recuperación debe entenderse como actividade e non só como unha proba de recuperación. Así, trátase dunha parte máis do proceso de ensino-aprendizaxe, entendendo que se trata dun proceso de avaliación continua e dunha formación integral do alumnado. O reforzo iniciárase cando se detecte unha deficiencia do/a alumno/a sen agardar ó suspenso. Así, realizando co alumnado actividades complementarias de reforzo que incidan naqueles puntos onde presente deficiencias, é moi posible que se evite a avaliación negativa.

Agora ben, naqueles casos nos que o proceso de aprendizaxe non sexa progresivo, é dicir, cando o/a alumno/a non logre superar as deficiencias e fallos detectados e, polo tanto, non alcanzase unha valoración suficiente en calquera dos contidos avaliados, estableceranse actividades específicas de recuperación.

O profesor distribuirá actividades para o alumnado que o precise, co fin de que acade os obxectivos establecidos. Ademais, proporcionaranse supostos prácticos para realizar na casa, que despois se entregarán ó profesor para ser valorados persoalmente. Deste xeito, partindo da diversidade de circunstancias, formularanse metodoloxías e niveis de axuda

variados e axeitados; poderanse prever adaptacións de material didáctico, proporanse actividades de aprendizaxe diferentes... Todas estas medidas buscarán que todo o alumnado alcance os mesmos obxectivos traballando sobre os mesmos contidos.

Aqueles alumnos/as que non acadasen unha cualificación positiva a final de curso, deberán realizar unha proba escrita na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global; estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación asociados, recollidos na presente Programación; a súa estrutura coincidirá coa das realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e deberase obter un mínimo de 5 puntos para considerarse superada.

Para superar esta proba o exame deberá ser respondido en todos os seus apartados cun mínimo de coherencia, non podendo deixarse ningún apartado sen contestar.

- No caso de alumnos/as coa materia pendente do curso pasado os contidos serán aqueles que foron impartidos por vez primeira. Se realizarán dunhas probas escritas en xaneiro e en marzo/abril, o igual que os alumnos cursen a materia de primeiro por cambio de modalidade.
- Os alumnado coa materia suspensa realizará unha proba escrita de recuperación en cada trimestre,

PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS

O profesorado recopiará nos primeiros días de clase, información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias básicas, tamén se terán en conta os datos recollidos durante o desenrolo das clases, exercicios feitos na clase e na casa, actitude, etc.

Realizarase unha sondaxe a través de preguntas de resposta breve, así como exercicios referidos a conceptos económicos vistos en primeiro curso, e que se retoman en segundo de bacharelato.

O seu obxectivo é facilitar información sobre diversos aspectos do alumnado tales como o seu coñecemento acerca das destrezas propias da materia e a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores a media do grupo. Dita información servirá ó profesor para programar as adaptacións necesarias, así como as actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario.

AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

No proceso avaliador existen diferentes fases ou momentos que se desenvolven o longo do mesmo. Estas fases ou momentos abordan a avaliación desde diferentes perspectivas e con obxectivos específicos. Podería dicirse que a cada un destes momentos corresponde un tipo de avaliación.

A avaliación inicial é a que se realiza ao comezo dun curso académico, e tamén o inicio de cada unidade. Consiste na recollida de datos tanto de carácter persoal como académico na situación de partida; e a súa finalidade é que o profesor inicie o proceso educativo con un coñecemento real das características de todos e cada un dos seus alumnos, o que debe permitirlle deseñar estratexias didácticas e acomodar a súa práctica docente a realidade do grupo e das súas singularidades individuais. A avaliación inicial faise necesaria para o inicio de calquera cambio educativo, xa que vai a servir de referente a hora de valorar o final dun proceso ou de comprobar si os resultados son satisfactorios.

O inicio do curso a profesora realizará un exercicio con preguntas curtas e de tipo test para descubrir os coñecementos de partida do alumnado. Tamén en cada unidade se realizará unha introdución que facilitara a participación e o debate dos alumnos, para descubrir así os seus coñecementos e opinións sobre a materia que se vai presentar.

Dos resultados da avaliación inicial se obterán os informes sobre as capacidades iniciais do alumnado e determinarán as posibles medidas de reforzo ou extraordinarias a aplicar ao alumnado con necesidades de apoio educativo.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Sen prexuízo do seu tratamento específico nas materias da etapa que se vinculan directamente cos estes aspectos, o currículo incluírá de maneira transversal os elementos seguintes:

a) O respecto ao Estado de dereito e aos dereitos e liberdades fundamentais.

b) As competencias persoais e as habilidades sociais para o exercicio da participación, desde o coñecemento dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político e a democracia.

c) A educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, a competencia emocional, a autoestima e o autoconcepto como elementos necesarios para o adecuado desenvolvemento persoal, o rexeitamento e a prevención de situacións de acoso escolar, discriminación ou malos tratos, e a promoción do benestar, da seguridade e a protección de todos os membros da comunidade educativa.

d) Os valores e as actuacións necesarias para o impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a análise das causas, situacións e posibles solucións ás desigualdades por razón de sexo, o respecto á orientación e á identidade sexual, o rexeitamento de comportamentos, contidos e actitudes sexistas e dos estereotipos de xénero, a prevención da violencia de xénero e o rexeitamento á explotación e abuso sexual.

e) Os valores inherentes e as condutas adecuadas aos principios de igualdade de oportunidades, accesibilidade universal e non discriminación, así como a prevención da violencia contra as persoas con discapacidade.

f) A tolerancia e o recoñecemento da diversidade e a convivencia intercultural, a educación para a cultura de paz, e o rexeitamento e a prevención da violencia terrorista e calquera outra forma de violencia, racismo ou xenofobia.

g) O perfeccionamento das habilidades para a comunicación interpersoal, a capacidade de escoita activa, a empatía, a racionalidade e o acordo a través do diálogo.

h) A utilización crítica e o autocontrol no uso das TIC e os medios audiovisuais, a prevención das situacións de risco derivadas da súa utilización inadecuada, a súa achega ao ensino, á aprendizaxe e ao traballo do alumnado, e os procesos de transformación da información en coñecemento.

i) Os valores e condutas inherentes á convivencia viaria, a prudencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

j) A promoción da actividade física para o desenvolvemento da competencia motriz, dos hábitos de vida saudable, a utilización responsable do tempo libre e do lecer e o fomento da dieta equilibrada para o benestar individual e colectivo, incluíndo conceptos relativos á educación para o consumo e a saúde laboral.

k) A adquisición de competencias para a actuación na achega ao crecemento económico desde principios e modelos de desenvolvemento sustentable e utilidade social, o fomento do emprendemento, da ética empresarial e da igualdade de oportunidades.

l) A toma de conciencia e a profundización na análise sobre temas e problemas que afectan a todas as persoas nun mundo globalizado, entre os que se considerarán a saúde, a pobreza no mundo, a emigración e a desigualdade entre persoas, pobos e nacións, así como os principios básicos que rexen o funcionamento do medio físico e natural e as repercusións que sobre o mesmo teñen as actividades humanas, o esgotamento dos recursos naturais, a superpoboación, a contaminación ou o quecemento da Terra, todo iso, con obxecto de fomentar a contribución activa na defensa, conservación e mellora da nosa contorna como elemento determinante da calidade de vida.

Educación en valores

Como o resto das materias do curso, o ensino de Economía debe atender tamén ao desenvolvemento de certos elementos transversais do currículo, ademais de potenciar actitudes e hábitos de traballo que axuden ao alumno para apreciar o propósito da materia, a ter confianza na súa habilidade para abordala satisfactoriamente e a desenvolverse noutras dimensións humanas: autonomía persoal, relación interpersoal, etc. Para o desenvolvemento da programación o traballo xira ao redor de cinco valores, que se consideran fundamentais para o desenvolvemento integral do alumnado:

Respeto

- A un mesmo: autoestima, dignidade, valoración do esforzo persoal, capacidade de aceptar os erros e repoñerse ante as dificultades, honestidade e proxecto de vida.
- Aos demais: empatía, escoita activa, diálogo, e resolución pacífica de conflitos.
- Ás culturas: ideas, linguas, costumes e patrimonio cultural.
- Aos animais: evitar o dano innecesario e evitar a extinción de especies.
- Á natureza: evitar a deterioración ambiental e participar activamente na recuperación do mesmo.

Responsabilidade

- Fronte ás tarefas persoais e de grupo: esforzo persoal, asunción de proxectos comúns e cumprimento de compromisos contraídos co grupo.
- Fronte ás normas sociais: civismo e cidadanía.
- Fronte aos conflitos e dilemas morais: información fiable, sentido crítico, posicionamento responsable e razoado.
- Fronte ao consumismo: consumo responsable e racional de produtos.

- Fronte ás xeracións vindeiras: desenvolvemento sustentable e ética global a longo prazo.

Xustiza

- Dereito á igualdade, con especial referencia á igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, así como aos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- Dereito á paz, mediante o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- Dereito á xustiza internacional, baseada nos valores que sustentan a liberdade, a igualdade, o pluralismo cultural e político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos.

Solidaridade

- Coas persoas próximas que senten fráxiles e indefensas na súa vivir diario.

- Coas persoas que padecen enfermidades graves ou limitacións dalgún tipo.

- Cos inmigrantes, refuxiados e desprazados.

- Coas vítimas do desequilibrio económico mundial.

- Coas vítimas de conflitos armados.

- Coas vítimas de desastres naturais.

Creatividade

- Adquisición do impulso de buscar alternativas e solucións ante os problemas expostos.

- A confianza en que é posible mellorar as situacións difíciles, os conflitos, ás persoas e o mundo en xeral. A materia de Economía estuda os procedementos polos que cada colectivo humano busca o benestar material dos seus membros. Desde o punto de vista disciplinar, estrutúrase en tres grandes eixos: a produción, ou actividade mediante a cal os bens naturais transfórmanse para servir ás necesidades humanas; o crecemento, entendido como o proceso que permite aumentar no tempo a cantidade e calidade dos bens; e a distribución ou asignación do producido entre os que contribuíron no proceso.

A formación específica que ofrece esta materia pretende proporcionar aos alumnos algúns instrumentos que lles axuden a comprender o mundo contemporáneo e

posibilítenlles unha toma responsable de decisións no seu desenvolvemento persoal e social.

Aínda que na ESO a formación económica está incluída na área de Ciencias Sociais, a profundización na mesma e a adquisición de novos contidos esixen unha aproximación especializada que, sen perder a perspectiva xeral e multidisciplinar, proporcione uns coñecementos máis precisos e axustados á realidade económica que se pretende interpretar. Por iso, a inclusión desta disciplina no currículo como materia troncal de opción da ESO, permite aos alumnos adquirir unha visión máis ampla e detallada da sociedade actual e que, sen dúbida, iso maniféstase en varios aspectos para destacar. A materia axudará ao alumnado para exercer a súa cidadanía cunha actitude reflexiva e consciente. A iso contribúe o facilitarlles a comprensión de problemas tales como a inflación, o desemprego, o esgotamento dos recursos naturais, o subdesarrollo, a pobreza, o consumismo, a distribución da renda, as consecuencias da globalización, etc. Con iso serán máis conscientes do seu papel actual na economía como consumidores, aforradores, contribuíntes e usuarios de bens e servizos públicos e da función que desenvolverán nun futuro como traballadores ou empresarios e como electores.

Interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, nesta materia traballaranse distintos elementos transversais de carácter instrumental, un dos cales fai fincapé na adopción de medidas para estimular o hábito da lectura e mellorar a capacidade de expresarse correctamente en público.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

- Utilización de ferramentas tecnolóxicas para facilitar os cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.
- Realización de operacións combinadas coa calculadora, adaptándose ás características da máquina.
- Utilización da calculadora como ferramenta que facilita os cálculos.
- Utilización da calculadora como axuda nos cálculos matemáticos con números decimais e fraccións.
- Utilización da calculadora en situacións de proporcionalidade e porcentaxes.

- Utilización de programas informáticos como axuda na resolución de problemas variados.
- Utilización da calculadora ou folla de cálculo para organizar datos, calcular parámetros centrais (media, mediana, moda) e de dispersión (percorrido e desviación típica) e xerar os gráficos máis adecuados á situación estudada.
- Emprego do computador para buscar información en Internet útil.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de estudo.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o presente curso, no caso de 2º bac só está prevista unha saída, que será o centro loxístico de Pull & Bear en Narón. Tamén está previsto que asistan a algunha charla que o departamento está solicitando para realizar no propio centro.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As necesidades educativas específicas son de natureza distinta; algunhas maniféstanse de forma temporal ou transitoria, mentres que outras son permanentes. Ademais, a súa orixe pode atribuírse a diversas causas:

- As asociadas a condicións escolares, familiares, socioculturais, económicas, etc., de orde eminentemente social.
- As que están vinculadas a problemas e retrasos no desenvolvemento e na aprendizaxe.
- A inmigración.

Os ámbitos da diversidade son, fundamentalmente:

- **Capacidade para aprender.** As actividades educativas que se formulan sitúanse entre o que xa saben facer os alumnos/as de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros/as.
- **Motivacións.** Cómpre que os contidos que se ofrezan ós alumnos/as posúan significado lóxico e lles resulten funcionais.
- **Interese.**

· **Estilos de aprendizaxe.** É preciso saber se o alumno/a, en función da súa forma de aprender é: reflexivo ou impulsivo, sintético ou analítico. Asemade cómpre coñecer:

a) A modalidade sensorial preferente, é dicir, que os seus coñecementos sexan percibidos - de modo principal - auditiva ou visualmente.

b) nivel de atención á tarefa segundo o tempo que sexan capaces de manterse atentos no traballo, adicarlle moito tempo ininterrompido ou necesitar frecuentes descansos.

c) Tipo de reforzo máis adecuado. Uns continuamente, outros nunca, outros intermitentemente, con posibilidades de agrupamentos para o reforzo, dependendo dos casos.

Os catro ámbitos establecidos deparan diferenzas acusadas no alumnado. En consecuencia, o docente debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar estratexias ou recursos variados, que permitan dar resposta á diversidade que presenta este, a través de:

· **Metodoloxías diversas,** que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as, ou ante a existencia de diferentes graos de autonomía, ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.

· **Propostas de actividades diferenciadas,** adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado. De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aqueles alumnos/as que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.

· **Materiais didácticos non homoxéneos.** Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos graos de aprendizaxe.

· **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.** A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo ou profundización e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

ECONOMÍA 4º ESO

INTRODUCCIÓN

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais.

A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económico:

1. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica.
2. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía.
3. bloque 3 ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas.

4. cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos.

5. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego.

6. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Xorde esta materia como necesidade de incluír un primeiro contacto coa economía no alumnado que cursa educación secundaria obrigatoria. Esta necesidade fundaméntase nun proceso de globalización que fai que estes ensinamentos sexan básicos para calquera cidadán que queira exercer con eficacia a súa condición de tal.

De acordo coas recomendacións da Comisión Europea e da OCDE, resulta indispensable adoptar unha serie de medidas no ámbito do Sistema Educativo para responder os desafíos que a nosa sociedade ten expostos a nivel económico.

O impulso da educación económica e financeira e o fomento da iniciativa emprendedora entre os mozos, son aspectos esenciais para contribuír a reducir o desemprego e a exclusión social. De igual maneira, anticipar as competencias profesionais no ámbito económico, financeiro e do mundo da empresa, son elementos clave para consolidar a educación como elemento clave para mellorar a competitividade e o progreso social.

Para poder promover a igualdade de oportunidades e mellorar a equidade, é indispensable ofrecer unha educación económica e financeira a aquelas persoas que doutro xeito non

poderían ter acceso á mesma. Os centros educativos teñen que ser provedores destes recursos aos distintos grupos demográficos e reducir os déficits de educación financeira entre a poboación.

As evidencias empíricas móstrannos que aquelas persoas que recibiron algún tipo de formación financeira están máis predispostas ao aforro, á previsión de fondos para a xubilación, a estimar dun modo racional as oportunidades e riscos inherentes aos distintos produtos e servizos financeiros e a protexerse ante posibles fraudes nas súas decisións de investimento e financiamento.

Aos beneficios expostos no plano individual, a promoción da educación financeira contribúe a reducir os custos que o estado e a sociedade no seu conxunto, teñen que asumir cando os cidadáns toman decisións erróneas, ou non as toman en absoluto, no ámbito económico e financeiro.

A educación emprendedora desde a súa perspectiva financeira, pode definirse como "o proceso polo cal os consumidores de produtos financeiros ou investidores melloran a súa comprensión das posibilidades de investimento e financiamento actuais, comprendendo rendibilidades e riscos e, a través de información, instrución e/ou o asesoramento, desenvolven as habilidades e confianza para converterse en seres máis conscientes dos riscos e oportunidades financeiras, e tomar así decisións comprendendo as súas posibles consecuencias.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área da Economía incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Desde a área contribúese ao desenvolvemento desta competencia aplicando o razoamento lóxico e a adquisición de diferentes elementos para o bo desempeño do alumnado na mesma, con accións como a planificación de gastos e ingresos, o cálculo de beneficios ou perdas, a elaboración dun plan de negocio e a análise da viabilidade, a confección dun plan de comercialización? E todo iso a través da observación da contorna, a súa análise e a realización de diversas formulacións para un desenvolvemento sustentable.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso ao redor e responder a preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.

Comunicación lingüística

Importante para o desenvolvemento desta competencia é a adquisición de destrezas básicas como a lectura, a conversación e a escritura, para levar a cabo diferentes tarefas, expostas desde a área de participación, en situacións de comunicación de grupo, expresión de ideas, elaboración dun plan de negocio, listaxe de tarefas para desenvolver a actividade do plan de empresa, xeración de diferentes documentos administrativos necesarios, comprensión de diferentes documentos? As actitudes e os valores desta competencia veranse en diferentes tarefas, nas que se fomentará o respecto ás opinións dos demais e o desenvolvemento do espírito crítico.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escucha atenta ao interlocutor.
- Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital

Na actualidade, é necesario o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para diferentes ámbitos das nosas vidas, como traballo, lecer, aprendizaxe, participación na sociedade, etc. É fundamental coñecer o uso de varias aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información. Todo iso desenvolverase nas diferentes tarefas propostas, tanto individuais como grupais, nas que se requira consultar páxinas webs para obter información ou xerar documentos relacionados co plan de empresa, así como tarefas de carácter administrativo, mediante a utilización de diferentes programas de xestión, na presentación-defensa de traballos a través da utilización de varios medios e formatos dixitais, e na publicación do que queiramos transmitir. Por todo iso, exoráanse tarefas nas que se necesite o uso dos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha actitude activa, segura e crítica cara a estes.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a procura de información.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A expresión cultural é fundamental para o desenvolvemento de aptitudes creativas que podamos trasladar a varios contextos profesionais. Desde a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial podemos adestrar diferentes aspectos, como a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas e experiencias a través de distintos medios.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia necesita do coñecemento e adestramento de diferentes habilidades para elaborar ideas, ter en conta a opinión dos demais, tomar decisións, resolver conflitos, interactuar con outras persoas e grupos respectando unhas normas, interpretar fenómenos e problemas sociais. Os diferentes aspectos a tratar desde esta área, como a empresa e a responsabilidade social, o espírito emprendedor, a creatividade e a innovación, o papel do Estado e as Administracións Públicas nas empresas, o valor social do diñeiro, os intermediarios financeiros na sociedade, a análise dos impostos con respecto ao benestar social, os dereitos e deberes dos consumidores no mundo do negocio, etc., permitirán ao alumnado a obtención dos coñecementos e as habilidades necesarios para o desenvolvemento desta competencia.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Competencia financeira

Aínda que a LOMCE non cita a competencia financeira, dentro das capacidades que o alumno debe conseguir ao longo da etapa, na materia estúdase. A introdución da educación financeira nos currículos de Educación Secundaria é cada vez maior e vén dada polas recomendacións da UE e da OCDE que mesmo a inclúe xa dentro das avaliacións realizadas nos informes PISA.

As razóns para incluír a educación financeira son variadas, e van dende as crises económicas e financeiras, aos axustes nos sistemas de axudas públicas ou os cambios demográficos que supoñen o progresivo envellecemento da poboación nos países

desenvolvidos. Neste contexto faise necesario que os cidadáns aborden a toma de decisións de tipo financeiro coa maior información e coñecemento posible.

Coa materia de Economía búscase a adquisición de capacidades que lle permita ao alumnado a toma de decisións intelixentes en materia financeira, mantendo unha actitude crítica e analítica ante todas as ofertas que se lles presenten.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Destaca especialmente o desenvolvemento das competencias matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencias sociais e cívicas, competencia dixital e comunicación

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial céntrase sobre todo no desenvolvemento desta competencia, a cal implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Atopar posibilidades na contorna que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe do día a día do noso alumnado nos diferentes contextos nos que se atope. Desde esta área adestraremos aspectos como a capacidade para iniciar, organizar e persistir no proxecto empresarial, polo que esixe que o alumnado se motive para levar a cabo as diferentes accións, recoñeza as súas fortalezas e aprobeiteas, coñeza e controle os procesos levados a cabo, utilice diferentes estratexias para o coñecemento dos aspectos relacionados coa autonomía persoal, así como que coñeza os mecanismos de creación de empresas e as finanzas, e desenvolver o seu pensamento crítico e creativo para o descubrimento de novas posibilidades. Todo iso co obxectivo de mellorar a nosa contorna e avaliar se se alcanzan os obxectivos preestablecidos.

Para o desenvolvemento desta competencia, adestraremos os seguintes descritores:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

1. Recoñecer a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de toda economía e comprender que toda elección supón renunciar a outras alternativas e que toda decisión ten consecuencias.

2. Diferenciar formas diversas de abordar e resolver problemas económicos e identificar as súas vantaxes e inconvenientes, así como as súas limitacións.

3. Comprender e utilizar correctamente diferentes termos da área de Economía.

4. Diferenciar entre economía positiva e economía normativa.

5. Representar e analizar graficamente o custo de oportunidade mediante a Fronteira de Posibilidades de Producción.

6. Representar as relacións que se establecen entre as economías domésticas e das empresas.

7. Aplicar razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.

8. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas e relacionalas coas esixencias requiridas de capital para a súa constitución e responsabilidades legais para cada tipo.

9. Valorar as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso en función das características concretas aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.

10. Identificar os diferentes tipos de empresas e empresarios que actúan na súa contorna, así como a forma de interrelacionar co seu ámbito máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.

11. Indicar os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.

12. Identificar os diferentes sectores económicos, así como os seus retos e oportunidades.

13. Explicar as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interna, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.

14. Diferenciar os ingresos e custos xerais dunha empresa e identificar o seu beneficio ou perda, aplicando razoamentos matemáticos para a interpretación de resultados.

15. Identificar as obrigacións fiscais das empresas segundo a actividade, sinalando o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.

16. Valorar a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

17. Elaborar e realizar un seguimento a un orzamento ou plan financeiro personalizado, identificando cada un dos ingresos e gastos.

18. Utilizar ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.

19. Manexar gráficos de análises que lle permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.

20. Comprender as necesidades de planificación e de manexo dos asuntos financeiros ao longo da vida. Dita planificación vincúlase á previsión realizada en cada unha das etapas de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.

21. Coñecer e explicar a relevancia do aforro e do control do gasto.

22. Analizar as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco, e seleccionar a decisión máis adecuada para cada momento.

23. Comprender os termos fundamentais e describir o funcionamento na operativa coas contas bancarias.

24. Valorar e comprobar a necesidade de ler detidamente os documentos que presentan os bancos, así como a importancia da seguridade cando a relación prodúcese por Internet.

25. Recoñecer o feito de que se poden negociar as condicións que presentan as entidades financeiras e analizar o procedemento de reclamación ante as mesmas.

26. Identificar e explicar as distintas modalidades de cartóns que existen, así como o esencial da seguridade cando se opera con cartóns.

27. Identificar e diferenciar os distintos tipos de seguros segundo os riscos ou situacións adversas nas diversas etapas da vida.

28. Identificar as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comentar as súas relacións.

29. Analizar e interpretar datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e gastos do Estado.

30. Distinguir nos diferentes ciclos económicos o comportamento dos ingresos e gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.

31. Comprender e expresar as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.

32. Coñecer e describir os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma.

33. Describir o fenómeno do desemprego e valorar as súas principais repercusións económicas e sociais.

34. Valorar e interpretar datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de interese, inflación e desemprego.

35. Describir as causas do desemprego e valorar as súas principais repercusións económicas e sociais. Analizar os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.

37. Investigar e recoñecer ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego.

38. Valorar o grao de interconexión das diferentes economías de todos os países do mundo e aplicar a perspectiva global para emitir xuízos críticos.

39. Explicar as razóns que xustifican e inflúen no intercambio económico entre países.

40. Analizar acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.

41. Coñecer e enumerar vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.

42. Reflexionar sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.

CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Ideas económicas básicas						
a d f	B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL CSC	100%	Probas escritas Traballos individuais Traballos en grupo
			ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CAA CD	80%	Observación traballo de aula.

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
f h o	B1.4. O método na economía: modelos económicos. B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CCL	80 %	
			ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	CAA CSC	100%	
			ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	CD CMCCT	100%	
a f	B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	CMCCT CSC	100%	
			ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	CMCCT CSC	60%	

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 2. Economía e empresa						
a b e m	B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa.	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	CMCCT CSIEE	80%	Probas escritas
			ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA CD	100%	Traballos individuais Traballos en grupo
			ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	CSIEE CSC	60%	Observación traballo de aula.

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
a f e	B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. B2.6. Sectores da actividade económica.	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT CSC	100%	
			ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CD CSC	80%	
e f	B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CD CMCCT	80%	
e f	B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. B2.9. Resultados da empresa.	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT	100%	

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
a e f	B2.10. Obrigas fiscais das empresas.	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	CD CMCCT	60%	
			ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	CSC	100%	
Bloque 3. Economía persoal						
d e f	B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA CD CMCCT	80%	Probas escritas Traballos individuais
			ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	CAA CD CMCCT	80%	

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
			ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA CD CMCCT	50%	Observación traballo de aula.
a d m	B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	CAA CSIEE	100%	
a f	B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B3.5. Risco e diversificación.	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA CSC CAA CSC	100% 100%	

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
a b e f g	B3.6. O diñeiro.	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT	80%	
	B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.		ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD	100%	
	B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.		ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD	100%	
	B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.		ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT	100%	

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
efg	B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT	80%	
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado						
abefñ	B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	CMCCT CSC	80%	Probas escritas
			ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	CD CMCCT	50%	Traballos individuais
			ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	CMCCT CSC	80%	Traballos en grupo Observación traballo de aula.

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
			ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CCL CSC	100%	
a e f	B4.2. A débeda pública e o déficit público.	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL CMCCT	100%	
a c d e f	B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	CCL CMCCT CSC CAA CD CMCCT	100% 60%	
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego						
a c e	B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CSC	100%	Probas escritas

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
f	dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	CCL CMCCT CSC	100%	Traballos individuais Traballos en grupo Observación traballo de aula.
			ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CD CMCCT	60%	
a c e f	B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CMCCT CSC	100%	
			ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	CD CSC	80%	
			ECB5.2.3. Investiga e recoñece viveiros e tendencias de emprego.	CAA CD	80%	

Bloque 6. Economía internacional

Economía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mín. de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
a e f m	B6.1. Globalización económica. B6.2. Comercio internacional. B6.3. Integración económica e monetaria europea. B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.	B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	CAA CSC	100%	Probas escritas
			ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	CCL CSC	80%	Traballos individuais
			ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	CAA CD CSC	80%	Traballos en grupo
			ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	CCL CD CSC	100%	Observación traballo de aula.
			ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CAA CSC	100%	

CONCRECIÓNS METODOLOXÍCAS

Toda intervención educativa ha de ter en conta os coñecementos previos dos alumnos e o seu interese por saber e aprender; só así, conseguiranse aprendizaxes funcionais, grazas aos cales poderán traducir os contidos á súa propia linguaxe, utilízalos noutras áreas e aproveitar o aprendido para seguir aprendendo: en definitiva, adquirir as competencias básicas necesarias para completar esta etapa.

Para desenvolver as competencias básicas, a metodoloxía docente concretarase a través dos distintos tipos de actividades e das diferentes maneiras de presentar os contidos en cada unidade didáctica. Consideramos estes medios son o mellor elemento para despertar o interese sobre un tema, motivar, contextualizar un contido e transferir a súa aprendizaxe a outros ámbitos.

O inicio de cada unidade para motivar a participación dos alumnos se introducirán pequenos debates nos que se intentará detectar as ideas previas, ou esquemas alternativos do alumno como produto da súa experiencia diaria e persoal

A metodoloxía consiste na orde ou sistematización no desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe levando a cabo unha serie de accións ou estratexias

1. Método expositivo: A profesora na maioría das veces, empregará non máis de 30 minutos do tempo total de clase na introdución e exposición da materia nova do tema que corresponda. Isto faise así para non cansar excesivamente ao alumnado.
2. Método demostrativo: Aplicación práctica dos coñecementos teóricos explicados, de duración aproximada de 20 minutos. Utilizarán se tamén os métodos interrogativos onde o ensinante máis que transmisor de coñecementos é un analista animador.
3. Método Por descubrimento no que se guiará ao alumnado a encontrar a resposta ou solución por si mesmo, plantexando actividades nas que e necesario consultar diversas fontes de información e, ademais, debe a profesora fomentara o rigor no uso da linguaxe.

- Traballo individual dos alumnos/as desenvolvendo as actividades propostas.

Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar e reforzar os contidos. Estas actividades sucédense no desenvolvemento dos contidos, afianzando os conceptos principais e a xeneralización dos mesmos. Todo iso realizado baixo a supervisión persoal da profesora, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias.

- Trabajo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo

Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A continuación, podense comentar as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión de clase moderada pola profesora e consistente nunha posta en común dos grupos. Con este tipo de actividades estaremos a fomentar competencias básicas propias da etapa.

En todas as actividades é convinte reflexionar sobre o realizado, recopilar o que se aprendeu, analizar o avance en relación coas ideas previas (punto de partida) e facilitar ao alumno a reflexión sobre habilidades de coñecemento, procesos cognitivos, control e planificación da propia actuación, a toma de decisións e la comprobación de resultados.

Secuenciación habitual de traballo na aula:

Motivación	Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, imaxes,etc.
Información da profesora	Información básica para todo o alumnado. Información complementaria para reforzo e apoio. Información complementaria para afondamento e ampliación
Traballo persoal do alumno	Lectura e comprensión dos textos. Análise de documentos, pequenas investigación, etc. Realización de actividades: resposta a preguntas, resolución de problemas, comentario de documentos e noticias, etc. Elaboración de mapas, gráficas, sínteses, mapas conceptuais. Memorización comprensiva.
Avaliación	Probas escritas. Traballos individuais e en grupo Observación do traballo na aula.

ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN O ALUMNO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NA MATERIA

Procedementos:

1. O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da súa vida.
2. Os textos de libros, apuntamentos, noticias de prensa, converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos reais da economía e os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.
3. Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, que implique a adquisición de normas e valores.
4. O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo, mediante unha estratexia de descubrimento.
5. Procurarase xerar un clima na aula en que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino e aprendizaxe, asegurándonos de que esas interaccións, mesmo se son erróneas, sirvan de estímulo para intentalo de novo.
6. Crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan ao alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.
7. Promoverase a participación dos estudantes en pequenos traballos de investigación.

Deberán ser orientados/as para que poidan acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma. Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.

AVALIACIÓN E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Dentro do proceso de ensino-aprendizaxe a avaliación é un proceso crucial, pois permite verificar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos. Trátase dunha actividade de control dentro da programación, e proporciona retroalimentación a todo o sistema; por iso é necesario coñecer antes os obxectivos, contidos, metodoloxía empregada, etc., para posteriormente comprobar se o proceso funciona, e en caso necesario tomar as medidas correctoras oportunas. Os docentes deben dispoñer de ferramentas que lles permita coñecer día a día o avance na

aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas, para poder tomar en caso necesario as decisións oportunas.

A avaliación do proceso de aprendizaxe debe reunir estas propiedades:

1. **Ser continua**, por estar integrada no propio proceso de ensino e aprendizaxe e por ter en conta o progreso do alumnado durante o proceso educativo, co fin de detectar as dificultades no momento no que se produzan, pescudar as súas causas e, en consecuencia, adoptar as medidas necesarias que lle permitan continuar o seu proceso de aprendizaxe.
2. **Ter carácter formativo**, porque debe posuír un carácter educativo e formador e ha de ser un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos de aprendizaxe.
3. Ser criterial, por tomar **como referentes os criterios de avaliación da materia**.
4. **Ser integradora e diferenciada**, por ter en consideración a totalidade dos elementos que constitúen o currículo e a achega de cada unha das materias á consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias clave, o que non impedirá que o profesorado realice de maneira diferenciada a avaliación da materia.
5. **Ser individualizada**, porque se centra na evolución persoal de cada alumno.
6. Ser cualitativa, na medida que aprecia todos os aspectos que inciden en cada situación particular e avalía de maneira equilibrada diversos aspectos do alumno, non só os de carácter cognitivo.
7. **Debe achegar a información** necesaria, ao comezo do devandito proceso e durante o seu desenvolvemento, para adoptar as decisións que mellor favorezan a consecución dos obxectivos educativos e a adquisición das competencias clave, todo iso, tendo en conta as características propias do alumnado e o contexto do centro docente.
8. **Terá en conta o progreso do alumnado durante o proceso educativo e realizarase conforme a criterios de plena obxetividade**.

Os referentes para a avaliación da materia son:

1. Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxes vinculadas coa materia.
2. A programación didáctica elaborada.
3. Os criterios e procedementos de avaliación especificados no proxecto educativo do centro docente, entendidos como o conxunto de acordos que concretan e adaptan ao contexto do centro docente o proceso da avaliación.

Secuenciación da avaliación

Os criterios de avaliación que acabamos de relacionar dan resposta á pregunta sobre

1. Qué avaliar?
2. Cándo avaliar? Tomando como criterio o variable tempo podemos distinguir entre tres tipos de avaliación:

1. **Avaliación inicial:** leva a cabo antes de comezar o proceso de ensinoaprendizaxe, e serve como diagnóstico para planificar as actuacións docentes encamiñadas ao cumprimento dos obxectivos. Permite coñecer as habilidades, actitudes e coñecementos previos de cada alumno, o que constituirá o punto de partida para alcanzar os obxectivos.

Dos resultados da avaliación inicial se obterán os informes sobre as capacidades iniciais do alumnado e determinarán as posibles medidas de reforzo ou extraordinarias a aplicar ao alumnado con necesidades de apoio educativo.

2. **Avaliación formativa** (durante): O profesor debe avaliar constantemente aos alumnos durante o proceso de ensino-aprendizaxe; para iso utilizaremos uns instrumentos que veremos máis adiante como o caderno do profesor onde realizamos distintas anotacións diarias.

Conforme se vai desenvolvendo esta avaliación é posible tomar sobre a marcha medidas correctoras que permitan sortear as dificultades que se presentan, de modo que nos permite reorientar o proceso de ensino. Aquí ilústrase o carácter vivo e dinámico das programacións, que non deben ser documentos estáticos, senón que sempre son susceptibles de mellorar para adaptarse ás circunstancias.

3. **Avaliación sumativa** (despois): consiste en realizar un balance final do proceso, para verificar que se cumpriron ou non vos obxectivos e o alumno está en disposición de continuar aprendizaxes posteriores.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Para avaliar ao alumnado, empregaranse: probas escritas, traballos do alumnado, tanto individuais como en grupo, observación directa e intervencións orais.

A súa introdución na avaliación terá en conta os seguintes criterios:

Criterios de cualificación

Aspectos a ter en conta:

a) **Para a valoración dos estándares de aprendizaxe, teranse en conta os seguintes aspectos fundamentais na ESO:**

- Faltas de ortografía
- Claridade na expresión de ideas
- A orde e a construción lóxica do discurso
- Capacidade para definir e usar con rigor e precisión os conceptos e termos propios da disciplina
- Dominio básico das técnicas do comentario documental, xa sexan textos escritos, gráficos, imaxes ou estatísticas
- Correcta presentación formal e de contido de calquera tipo de exercicio ou traballo escrito, isto é, orde e limpeza.

b) O alumno/a para superara a avaliación sempre que a valoración de todos os estándares sexa de media 5 ou superior a 5.

- ***Probas escritas:*** Faranse a lo menos dúas probas escritas de contidos teórico-prácticos por avaliación. Os alumnos coñecerán a valoración de cada pregunta ao realizar o exame. Os criterios de cualificación indícaranse cando se entreguen as probas. As cuestións teóricas serán preguntas de desenvolver, preguntas curtas ou tipo test. Nas preguntas de desenvolvemento a claridade de exposición e a capacidade de síntese será valorada.

Na resolución dos casos prácticos deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno, así como as unidades do resultado. O alumnado coñecerá a valoración de cada pregunta ao realizar o exame.

Se hai máis dun exame por avaliación, é necesario polo menos acadar unha cualificación non inferior a 4 puntos para facer a media. As probas específicas ponderarán un 80% na cualificación final.

De acordo coa normativa vixente a cualificación do alumno/para debe ser numérica (0-10) e contemplar todos os procesos de aprendizaxe do alumno/a.

- ***Producións do alumnado:*** Despois de cada unidade didáctica, os alumnos e alumnas deberán realizar os exercicios sobre os contidos estudados e presentalos ó profesor para a súa corrección e avaliación. Ademais poderán realizar outras actividades como resumos, producións orais, traballos de investigación, comentarios de texto, resolución de problemas, análise de noticias de actualidade.

Estas tarefas e actividades serán realizadas individualmente ou en grupos, para realizar na clase (normalmente) ou na casa. Indicarase a data de entrega e non serán admitidas en datas

posteriores, salvo casos de forza maior. Valorarase o desenvolvemento das ideas expostas, a claridade e precisión, o grao de comprensión acadado ou a orixinalidade.

A produción do alumnado ponderará un 10% na cualificación final. Se en algún caso non se puideran realizar as actividades por causas xustificadas nun número suficiente, a súa valoración pasará a incrementar a valoración das probas escritas.

- **Seguimento diario en clase** (medido mediante os intercambios orais co alumnado e a observación directa): Terase en conta para a cualificación do alumno, a súa participación activa na clase, asistencia e puntualidade, a actitude na aula, traer o material necesario a clase (apuntes, caderno,...), a realización das tarefas propostas, o uso ordenado do material entregado, a orde e o método ao realizar as tarefas, o respecto e tolerancia cos compañeiros e a profesora, a coordinación e comunicación nos grupos de traballo, a creatividade e a expresión das propias ideas, capacidade de busca de solucións a problemas, cumprir as normas de convivencia.

O seguimento diario en clase ponderará un 10% na cualificación final. Para poder sumar este apartado é necesario acadar unha cualificación positiva nos apartados referidos tanto a probas escritas como a produción do alumno.

O feito de que un alumno/a sexa collido/a copiando nun exame, levará consigo que a proba á cal pertenza o exame, lle sexa cualificada con un cero e expulsado do mesmo.

→ CUALIFICACIÓN DUNHA AVALIACIÓN

Esta cualificación obterase a partir da análise por parte do profesor dos instrumentos de avaliación xa citados. Para aprobar UNHA AVALIACIÓN é imprescindible obter un mínimo de 5 puntos.

Si na avaliación fanse máis dun exame para facer a media e necesario acadar como mínimo un 4.

→ CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA

A nota final de xuño para o alumnado que aprobase o final da terceira avaliación será o resultado da media de todas as notas obtidas en cada avaliación cos decimais correspondentes (será necesario tres superadas as tres avaliacións), e o traballo realizado no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO, suporá un 5% a sumar a nota media das tres avaliacións e servirá para axustar a nota o número enteiro mais preto por exceso ou por defecto en función do traballo realizado, en caso de non presentar os traballos ou presentalos mal o axuste da nota será por defecto o enteiro máis próximo.

A nota final para o alumnado con algunha avaliación suspensa será o resultado da media das tres avaliación unha vez feita a recuperación das avaliacións que corresponda.

→ RECUPERACIÓN E REFORZO

Os alumnos/as que suspendan unha avaliación terán a oportunidade de recuperala. Ao alumnado que o requira, facilitaráselle actividades de recuperación e reforzo que poderán consistir en:

- Realizar traballos, cuestionarios, prácticas, exposicións, informes,... sobre aqueles aspectos nos que se detectaran maiores deficiencias.

- Repetir determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.

- Realizarse un exame de recuperación de cada avaliación, é dicir, en cada avaliación farase a recuperación pertinente.

Recuperación para os alumnos con falta de asistencia

As faltas de asistencia **debidamente xustificadas** darán lugar ao dereito de repetir exames, actividades e tarefas ou prolongar o prazo de entrega. De non se xustificar, ese estándar (ou estándares) será avaliado cun cero. Os criterios para xustificar as faltas están recollidos nas normas de organización e funcionamento do centro.

Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria, por non conseguir unha cualificación de 5, realizarán unha proba de recuperación en xuño. Será de contido teórico-práctico cualificada sobre 10, a materia versará sobre tódolos contidos impartidos ó longo do curso.

Promoción

Ao finalizar o curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado,

Tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, fundamentándose nos estándares de aprendizaxe avaliados non complementarios e na madurez do alumno.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Libros de texto:

Libro de texto: Economía de 4º de ESO da editorial Mc Graw Hill

Libros de texto de Economía doutras editoriais.

Materiais de apoio elaborados para o alumnado:

Apuntamentos elaborados pola profesora e subministrados aos alumnos en forma de fotocopias, presentacións, esquemas, diagramas, gráficos, cuestionarios,...

Textos de apoio e libros de lectura:

Bibliografía específica e selección de lecturas, incluíndo lexislación e artigos na prensa e revistas especializadas. Ao respecto, haberá a disposición dos alumnos diversos materiais na biblioteca. Noutros casos están dispoñibles na web.

Recursos TIC:

Utilización dos ordenadores que no caso da aula materia de economía dispoñemos de suficientes equipos. Débese aproveitar ao máximo a oportunidade que ofrecen as TIC para obter, procesar e transmitir información. Resaltamos aquí algunhas das súas vantaxes de utilización:

1. Realización de tarefas de maneira rápida, cómoda e eficiente.
2. Acceso inmediato a gran cantidade de información.
3. Realización de actividades interactivas.
4. Desenvolvemento da iniciativa e as capacidades do alumno.
5. Aprendizaxe a partir dos propios erros.
6. Cooperación e traballo en grupo.
7. Alto grao de interdisciplinaridad..
8. Flexibilidade horaria.
9. Utilidade como medida de atención á diversidade do alumnado.

Prensa:

Utilización de artigos e gráficos de prensa e revistas especializadas tanto en edición escrita como dixital: Expansión, Cinco Días, Emprendedores,...

Vídeos e documentais:

Utilización de materiais audiovisuais como vídeos particularmente relevantes para a comprensión da materia (consumismo, comercio xusto, finanzas éticas, desigual distribución da riqueza, ...)

Libros: exemplo, “*Padre rico, padre pobre*” de Robert Kiyosaki, Mercado e Globalización de J. L. Sampedro, “El inversor intelixencia” de Benjamin Graham.

Debates, como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade de reflexionar, relacións, consolidar coñecementos, recapitular, ordenar, respetar opinións, e sacar conclusións.

Recursos na rede

- Informes anuais sobre o estado do mundo do Worldwatch Institute:
www.worldwatch.org/
- Portal especializado no ensino da economía no bacharelato:
www.ecomur.com
- Páxina web do Instituto Nacional de Estadística www.ine.es
- Recursos en rede www.profes.net<http://www.profes.net/>
- Informes interanuales das principais variables macroeconómicas:
www.economyweb.com<http://www.economyweb.com/>
- Portal especializado no ensino da economía no Bacharelato :
www.ecobachillerato.com
- Web de divulgación económica: www.econolandia.es
- Portal do Tesouro Público: www.tesoro.es<http://www.tesoro.es/>
- Portal da Comisión Nacional do Mercado de Valores: www.cnmv.es<http://www.cnmv.es/>
- Portal do Instituto Galego de Estatística: www.ige.eu<http://www.ige.eu/>

BIBLIOGRAFÍA

- ARRIZABALAGA, Alicia, y WAGMAN, Daniel: *Vivir mejor con menos*. Aguilar, 1997.
- CABRERA, Andrés: *Materiais didácticos: economía*. Madrid, MEC, 1993.
- CORTINA, Adela: *Por una ética del consumo*. Taurus, 2002.
- KRUGMAN, P., y WELLS, R.: *Introducción a la economía. Microeconomía*. Reverte, 2006.
- MANKIW, Gregory: *Principios de economía*. McGraw-Hill, 1998. – STIGLITZ, Joseph: *Economía*. Ariel, 1995.
- TRAVÉ, Gabriel, *et al.*: *Didáctica de la economía en el Bacharelato*. TRAVÉ, Gabriel (ed.), 2001. – PÉREZ, R., *et al.*: *Análisis de datos económicos*. Pirámide, 1993
- LIPSEY, Richard G., y HARBURY, Colin: *Principios de economía*. Vicens Vives, 1994.
- *El malestar en la globalización*. Santillana, 2002.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

- Interese por ler diante do grupo con claridade e vocalizando.
- Busca de información e lectura de textos sobre acontecementos e persoas relacionadas coas matemáticas ao longo da historia.
- Interpretación de mensaxes que conteñan informacións sobre cantidades, porcentaxes e medidas ou sobre elementos ou situacións de carácter económico.

- Valoración da utilidade dos distintos sistemas de numeración como recursos para a codificación e a transmisión de información relativa ao ámbito, ao desenvolvemento das ciencias, ao pensamento, etc.
- Valoración se a información dada por un texto é fiable, atendendo ás unidades de medida que se mencionan.
- Integrar na linguaxe os números fraccionarios, recoñecendo a súa utilidade como elementos que achegan flexibilidade e precisión.
- Integrar na linguaxe os conceptos e a terminoloxía propios da proporcionalidade e, con eles, incrementar as posibilidades expresivas.
- Comprensión do enunciado dun problema a partir da análise de cada unha das partes do texto e a identificación dos aspectos máis relevantes, comprobación da coherencia da solución co problema proposto.
- Entender un texto co fin de poder resumir e analizar a súa información.
- Análise dos aspectos máis destacables dos gráficos a partir de exemplos tomados dos medios de comunicación e de informacións relacionadas co ámbito económico.
- Expresar concisa e claramente unha análise económica baseada nun conxunto de datos dados.
- Valoración crítica das informacións económicas que aparecen nos medios de comunicación, sabendo detectar, se os houbera, abusos e usos incorrectos.
- Recoñecemento e valoración da utilidade da linguaxe económica para representar e axudar a entender problemas da vida cotiá.
- Sensibilidade, interese e gusto ante o uso da linguaxe económica en informacións e argumentacións sociais ou económicas.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

Tratamento das TICs

1. Utilización de ferramentas tecnolóxicas para facilitar os cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.
2. Realización de operacións combinadas coa calculadora, adaptándose ás características da máquina.
3. Utilización da calculadora como ferramenta que facilita os cálculos mecánicos relacionados con potencias e raíces.
4. Utilización da calculadora como axuda nos cálculos matemáticos con números decimais e fraccións.

5. Utilización da calculadora en situacións de proporcionalidade e porcentaxes.
6. Utilización de programas informáticos como axuda na resolución de problemas variados.
7. Utilización da calculadora ou folia de cálculo para organizar datos, calcular parámetros centrais (media, mediana, moda) e de dispersión (percorrido e desviación típica) e xerar os gráficos máis adecuados á situación estudada.
8. Emprego do computador para buscar información en Internet, útil para o proxecto de empresa.
9. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de iniciativas emprendedoras.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As necesidades educativas específicas son de natureza distinta; algunhas maniféstanse de forma temporal ou transitoria, mentres que outras son permanentes. Ademais, a súa orixe pode atribuírse a diversas causas:

- As asociadas a condicións escolares, familiares, socioculturais, económicas, etc., de orde eminentemente social.
- As que están vinculadas a problemas e retrasos no desenvolvemento e na aprendizaxe.
- A inmigración.

Os ámbitos da diversidade son, fundamentalmente:

- **Capacidade para aprender.** As actividades educativas que se formulen sitúanse entre o que xa saben facer os alumnos/as de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros/as.

- **Motivacións.** Cómpre que os contidos que se ofrecen ós alumnos/as posúan significado lóxico e lles resulten funcionais.

- **Interese.**

- **Estilos de aprendizaxe.** É preciso saber se o alumno/a, en función da súa forma de aprender é: reflexivo ou impulsivo, sintético ou analítico. Asemade cómpre coñecer:

- a) A modalidade sensorial preferente, é dicir, que os seus coñecementos sexan percibidos - de modo principal - auditiva ou visualmente.

- b) nivel de atención á tarefa segundo o tempo que sexan capaces de manterse atentos no traballo, adicarlle moito tempo ininterrompido ou necesitar frecuentes descansos.

- c) Tipo de reforzo máis adecuado. Uns continuamente, outros nunca, outros intermitentemente, con posibilidades de agrupamentos para o reforzo, dependendo dos casos.

Os catro ámbitos establecidos deparan diferenzas acusadas no alumnado. En consecuencia, o docente debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar estratexias ou recursos variados, que permitan dar resposta á diversidade que presenta este, a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as, ou ante a existencia de diferentes graos de autonomía, ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.

- **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado. De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aqueles alumnos/as que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.

- **Materiais didácticos non homoxéneos**. Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos graos de aprendizaxe.

- **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos**. A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo ou profundización e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Sen prexuízo do seu tratamento específico nas materias da etapa que se vinculan directamente cos estes aspectos, o currículo incluírá de maneira transversal os elementos seguintes:

a) O respecto ao Estado de dereito e aos dereitos e liberdades fundamentais.

b) As competencias persoais e as habilidades sociais para o exercicio da participación, desde o coñecemento dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político e a democracia.

c) A educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, a competencia emocional, a autoestima e o autoconcepto como elementos necesarios para o adecuado desenvolvemento persoal, o rexeitamento e a prevención de situacións de acoso escolar, discriminación ou malos tratos, e a promoción do benestar, da seguridade e a protección de todos os membros da comunidade educativa.

d) Os valores e as actuacións necesarias para o impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a análise das causas, situacións e posibles solucións ás desigualdades por

razón de sexo, o respecto á orientación e á identidade sexual, o rexeitamento de comportamentos, contidos e actitudes sexistas e dos estereotipos de xénero, a prevención da violencia de xénero e o rexeitamento á explotación e abuso sexual.

e) Os valores inherentes e as condutas adecuadas aos principios de igualdade de oportunidades, accesibilidade universal e non discriminación, así como a prevención da violencia contra as persoas con discapacidade.

- TRAVÉ, Gabriel, et al.: *Didáctica de la economía en el Bachillerato*. TRAVÉ, Gabriel (ed.), 2001. – PÉREZ, R., et al.: *Análisis de datos económicos*. Pirámide, 1993
- LIPSEY, Richard G., y HARBURY, Colin: *Principios de economía*. Vicens Vives, 1994.
- *El malestar en la globalización*. Santillana, 2002.

Recursos na rede

- Cámara de comercio de Pontevedra.Vigo: www.camarapvv.com
- Asociación de xoves empresarias e empresarios de Vigo: ajevingo.es
- Informes do Banco de España; www.bde.es
- Páxina oficial da UE, www.europa.eu.es
- Ministerio de Industria, Comercio y Turismo: www.ipyme.org/es
- Páxina Web do servicio público de emprego, www.sepe.es
- Páxina Web da axencia tributaria.; www.agenciatributaria.es
- *Informes anuais sobre o estado do mundo do Worldwatch Institute:* www.worldwatch.org
- Páxina web do Instituto Nacional de Estadística www.ine.es
- Informes interanuales das principais variables macroeconómicas: www.economyweb.com

- Portal especializado no ensino da economía no Bacharelato : www.ecobachillerato.com
- – Portal do Tesouro Público: www.tesoro.es
- Portal da Comisión Nacional do Mercado de Valores: www.cnmv.es
- Portal do Instituto Galego de Estatística: <http://www.ige.eu/>

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A información que proporciona a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación da profesora. Deberá ser individual, personalizada, continua e integrada. A avaliación do grao en que os alumnos van alcanzando os obxectivos didácticos pode realizarse a través do control da realización de actividades, a súa corrección en clase ou a súa entrega a profesora, preguntas directas aos alumnos, intervención destes completando parte da explicación ou lembrando contidos xa estudados, etc

Durante o curso iremos propoñen os alumnos e alumnas unha serie de probas, que nos servirán para levar adiante unha avaliación formativa que, dado o nivel e os contidos que se manexan, van recaer fundamentalmente en traballos e exames. Todo este proceso debe proporcionarnos información non só dos pasos dados polos alumnos e alumnas, senón do propio proceso de ensinanza en si mesmo: se as actividades foron as necesarias, se o material proporcionado foi adecuado, se os programas de recuperación foron unha mera repetición do xa realizado, ou ben estiveron adaptados a cada alumno ou alumna segundo o tipo de carencia que tiña, e, por último, se o tempo dedicado ao desenvolvemento da unidade foi o preciso.

O obxectivo desta avaliación formativa é tanto certificar o nivel de coñecementos do alumnado, como servir de axuda tanto aos alumnos e alumnas como ao profesorado a reconducir esforzos, en caso necesario, a fin de conseguir un dominio total dos obxectivos programados. Como unha norma importante a seguir os criterios que empreguemos na avaliación deben ser coñecidos previamente polos nosos alumnos e alumnas. As actividades de avaliación deben ser acordes co que se realizou durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe. Segundo isto é necesario propor e desenvolver actividades de avaliación referidas a feitos (que implican análise de información, relación con outros contidos...), a conceptos (coñecementos, comprensión, ser quen de transferir a outra situación un método ou caso, probas que impliquen a actividade intelectual do alumno ou alumna..), a procedementos (habilidades na resolución de problemas, cálculo de variábeis,

construcción de gráficos, elaboración de táboas, uso da información, realización de guións ou esquemas...), a actitudes (colaboración nos traballos, desenvolvemento de opinións críticas, participación nas tarefas colectivas, colaboración no bo funcionamento e desenvolvemento da clase...).

No que se refire ao control do dominio dos procedementos, que neste curso, cobran moita importancia, poden seguirse dúas técnicas: ou ben facer preguntas concretas do tipo “que pasos son necesarios para facer algo”, ou propor a resolución de problemas que implican o coñecemento dos conceptos necesarios, así como a posta en práctica do procedemento obxecto de control e medición. Por outra banda, é necesario comprobar, para coñecer o grao real de dominio dun procedemento se é quen de utilizar o procedemento aprendido en situacións novas, así como distinguir o tipo de procedemento que en cada caso é necesario aplicar.

A avaliación realizarase considerando os seguintes instrumentos:

- Observación: do traballo individual do alumno, a súa actitude fronte ao traballo en equipo, a posta en común da información solicitada, as súas explicacións e participación en clase ou nas actividades realizadas fóra do centro, os hábitos de traballo, a súa iniciativa e interese.

- Revisión dos traballos dos alumnos

- As probas de avaliación: nas que se valorarán os coñecementos, grao de comprensión, capacidade de aplicación dos coñecementos a novas situacións e a habilidade para analizar e sintetizar informacións e datos.

- Presentación de traballos e comentarios de texto.

- Controis periódicos.

- Autoavaliación: que será unha reflexión crítica que cada alumno debe facer sobre a súa propia aprendizaxe e o profesor sobre o seu método de ensino.

- Coevaluación: ou valoración respectuosa e positiva sobre o traballo e actitude dos compañeiros. Non se realizarán probas de recuperación, debido a que o sistema de avaliación por estándares permítenos matizar e modificar a nota de cada alumno en cada estándar segundo vai conseguindo a superación do mesmo.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO

A avaliación final ou sumativa ten como obxectivo o de cualificar, nivelar e certificar aos alumnos e as alumnas a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos marcados na unidade ou no curso. Ao final, suporía coñecer se o rendementos dos alumnos e alumnas foi suficiente e satisfactorio. Ademais, a avaliación deberá ser individualizada, é dicir, do alumno a respecto de si mesmo.

Para eso terase en conta:

- Actitude.
- Exercicios de clase.
- Intervencións no desenrolo das sesións.
- Probas escritas sobre as materias explicadas en clase.
- Traballos en grupo e individuais.

Se realizaran dúas probas escritas por trimestre, ademais os alumnos traballaran nunha proxecto de empresa (en cada avaliación realizaran a parte do proxecto que esta relacionado cos contidos desenvolvidos na avaliación) e tamén teranse en conta os exercicios realizados o longo e o final de cada tema.

A cualificación de cada avaliación farase de acordo cos seguintes criterios:

- Traballo do proxecto de empresa, tarefas na aula e participación na clase 30%.
- Probas escritas en cada trimestre. 70%.
- Para os efectos de puntuación definitiva será necesario ter unha nota mínima de 5 (sobre 10) en cada unha das probas para acadar o aprobado.
- Cada avaliación terá a súa oportunidade de recuperación.

Avaliaranse os contidos básicos conceptuais, procedementais e actitudinais da seguinte maneira:

Os contidos conceptuais, mediante exames e traballos , que se cualificarán de 0 a 10.

Os procedementais, mediante exercicios e observación por parte da profesora, da estética na confección de documentos, puntualidade na presentación, constancia, axilidade e aplicación de conceptos; que se cualificarán de 0 a 10.

Os contidos actitudinais mediante a observación, e se cualificarán de 0 a 10.

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Instrumentos de avaliación:

a) **Probos escritas (exames)** cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. Cada avaliación terá como mínimo dúas partes e para obter a nota farase a media aritmética, pero **será necesario acadar un mínimo de 4 puntos en cada parte para facer dita media, e para aprobar a media debe ser como mínimo de 5.** En caso de non acadar o 5 quedará suspensa a avaliación. O final de cada avaliación farase unha recuperación de dita avaliación. No mes de xuño farase un exame de recuperación das partes da materia que o alumno teña pendentes de superar.

Ponderación: 70%.

b) **Proyecto de empresa e actividades de aula.** A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios nos que se terá en conta aspectos: puntualidade, presentación, traballo en equipo, utilización da linguaxe económica, e ortografía.

Ponderación: 30%.

A valoración do apartado b realizarase do seguinte xeito:

- Traballo en equipo e participación: 10%
- Presentación: 10%.
- Redacción e utilización da linguaxe económica: 30%.
- Puntualidade, dentro do prazo: 10%.
- Contidos: 40%.

Será necesario presentar o proxecto de empresa para aprobar a materia.

No mes de xuño haberá un exame final, coa materia distribuída por trimestres, para aqueles alumnos/as que teñan algunha avaliación suspensa.

A nota final da materia resultará da **media aritmética das tres avaliacións**, para acadar unha cualificación positiva, **deberá ter superadas as tres avaliacións.**

Aqueles alumnos/as que non acadasen unha cualificación positiva a final de curso, deberán realizar unha proba escrita (si ten algunha parte suspensa) ou presentar o proxecto de empresa (si non acadase un resultado de 5 puntos nesta parte) na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Ditas probas finais serán globais; estarán referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación asociados, recollidos na presente Programación; a súa estrutura coincidirá coa das realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e deberase obter un mínimo de 5 puntos para considerarse superada.

O feito de que un alumno/a sexa collido/a copiando nun exame, levará consigo que a proba á cal pertenza o exame, lle sexa cualificada con un cero e expulsado do mesmo.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

En cada trimestre se realizarán polo menos dúas probas escritas ademais da parte do proxecto correspondente . Os alumnos/as que resulten avaliados desfavorablemente nestas probas obxectivas e tamén o sexan no conxunto de todas as probas realizadas, deberán realizar probas de recuperación específicas de avaliación ou presentar a parte do proxecto suspensa, preferiblemente o final do mesmo trimestre ou principio do seguinte.

ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN O ALUMNO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NA MATERIA

Será competencia do profesor, a decisión de que se supera ou non por parte do alumnado que compón o grupo dos resultados obxectivos establecidos, tomando como referencia fundamental os criterios de avaliación.

Procedementos:

1. O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da súa vida.
2. Os textos de libros, apuntamentos, noticias de prensa, converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos reais da economía e os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.
3. Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, que implique a adquisición de normas e valores.
4. O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo, mediante unha estratexia de descubrimento.
5. Procurarase xerar un clima na aula en que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino e aprendizaxe, asegurándonos de que esas interaccións, mesmo se son erróneas, sirvan de estímulo para intentalo de novo.
6. Crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan ao alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

7. Promoverase a participación dos estudantes en pequenos traballos de investigación.

Deberán ser orientados/as para que poidan acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma. Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado

AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

No proceso avaliador existen diferentes fases ou momentos que se desenvolven o longo do mesmo. Estas fases ou momentos abordan a avaliación desde diferentes perspectivas e con obxectivos específicos. Podería dicirse que a cada un destes momentos corresponde un tipo de avaliación.

A avaliación inicial é a que se realiza ao comezo dun curso académico, e tamén o inicio de cada unidade. Consiste na recollida de datos tanto de carácter persoal como académico na situación de partida; e a súa finalidade é que o profesor inicie o proceso educativo con un coñecemento real das características de todos e cada un dos seus alumnos, o que debe permitirle deseñar estratexias didácticas e acomodar a súa práctica docente a realidade do grupo e das súas singularidades individuais. A avaliación inicial faise necesaria para o inicio de calquera cambio educativo, xa que vai a servir de referente a hora de valorar o final dun proceso ou de comprobar si os resultados son satisfactorios.

O inicio do curso a profesora realizará un exercicio con preguntas curtas e de tipo test para descubrir os coñecementos de partida do alumnado. Tamén en cada unidade se realizará unha introdución que facilitara a participación e o debate dos alumnos, para descubrir así os seus coñecementos e opinións sobre a materia que se vai presentar.

Dos resultados da avaliación inicial se obterán os informes sobre as capacidades iniciais do alumnado e determinarán as posibles medidas de reforzo ou extraordinarias a aplicar ao alumnado con necesidades de apoio educativo.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As necesidades educativas específicas son de natureza distinta; algunhas maniféstanse de forma temporal ou transitoria, mentres que outras son permanentes. Ademais, a súa orixe pode atribuírse a diversas causas:

- As asociadas a condicións escolares, familiares, socioculturais, económicas, etc., de orde eminentemente social.

- As que están vinculadas a problemas e retrasos no desenvolvemento e na aprendizaxe.

- A inmigración.

Os ámbitos da diversidade son, fundamentalmente:

- **Capacidade para aprender.** As actividades educativas que se formulen sitúanse entre o que xa saben facer os alumnos/as de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros/as.

- **Motivacións.** Cómpre que os contidos que se ofrezan ós alumnos/as posúan significado lóxico e lles resulten funcionais.

- **Interese.**

- **Estilos de aprendizaxe.** É preciso saber se o alumno/a, en función da súa forma de aprender é: reflexivo ou impulsivo, sintético ou analítico. Asemade cómpre coñecer:

- a) A modalidade sensorial preferente, é dicir, que os seus coñecementos sexan percibidos - de modo principal - auditiva ou visualmente.

- b) nivel de atención á tarefa segundo o tempo que sexan capaces de manterse atentos no traballo, adicarlle moito tempo ininterrompido ou necesitar frecuentes descansos.

- c) Tipo de reforzo máis adecuado. Uns continuamente, outros nunca, outros intermitentemente, con posibilidades de agrupamentos para o reforzo, dependendo dos casos.

Os catro ámbitos establecidos deparan diferenzas acusadas no alumnado. En consecuencia, o docente debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar estratexias ou recursos variados, que permitan dar resposta á diversidade que presenta este, a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as, ou ante a existencia de diferentes graos de autonomía, ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.

· **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado. De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aqueles alumnos/as que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.

· **Materiais didácticos non homoxéneos**. Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos graos de aprendizaxe.

· **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos**. A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo ou profundización e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Unha das características esenciais que debe asumir o ensino actual é o seu compromiso cunha serie de valores básicos para a vida e para a convivencia, e dicir, a incorporación efectiva nos seus proxectos dos valores éticos (xustiza, solidariedade, igualdade, tolerancia, respecto, paz, saúde,...) que favorezan e fagan posible unha sociedade máis humanizada e democrática.

A educación nos valores non é, soamente, unha dimensión do aprendizaxe a ter en conta no proceso educativo, senón que constitúe un dos factores básicos que determinan a calidade do ensino.

Os valores que favorecen a madurez intelectual e humana dos alumnos englobanse nas chamadas ensinanzas ou temas transversais, que non constitúen en si mesmos unha materia, senón que deben ser tratados dende perspectivas académicas distintas e, polo tanto, inciden parcialmente na programación curricular das diferentes áreas.

Nas ensinanzas transversais propóñense sete valores que deben ser transmitidos:

Educación e racionalidade do consumidor

Educación ambiental e sustentabilidade.

Educación para a paz.

Educación para a igualdade.

Formarase en xeral valores que forman parte do currículo de 1º curso e en menos grao de 2º, tales como:

1. Solidariedade,

2. A creación de hábitos de comportamento pacífico en circunstancias cotiás (aceptación de persoas con outras características e ideas; respecto polas persoas que se atopan dentro da aula; non discriminar a ninguén por razóns físicas ou de sexo...).

3. Hábitos de respecto polo medio que nos rodea, fóra e dentro da aula.

4. Contribuír a desenvolver no alumnado a capacidade de desfrute do entorno, compatibilizándoo coa súa conservación.

5. Axudar a adquirir conciencia das incidencias negativas que a actividade humana provoca no medio ambiente, sensibilizando os alumnos e alumnas fronte a estas cuestións, e motivos de xeito que poidan participar activamente na mellora e protección do mesmo.

6. Responsabilidade como consumidores.

7. Respecto ás normas que rexen a convivencia do consumidor.

8. Aprender a usar, desfrutar e coidar os bens que posúen ou consumen, por sinxelos e cotiás que parezan, recoñecendo a súa utilidade real para a vida e valorándoos en función dela.

Recoñecer e sensibilizarse cos problemas das persoas e pobos que carecen dos bens de consumo básicos, e mostrar unha actitude solidaria e xenerosa, tanto a nivel individual como en colaboración con organismos ou institucións adicados a atención dos grupos sociais ou pobos máis necesitados.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

· Utilización de ferramentas tecnolóxicas para facilitar os cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.

· Realización de operacións combinadas coa calculadora, adaptándose ás características da máquina.

· Utilización da calculadora como ferramenta que facilita os cálculos.

· Utilización da calculadora como axuda nos cálculos matemáticos con números decimais e fraccións.

· Utilización da calculadora en situacións de proporcionalidade e porcentaxes.

· Utilización de programas informáticos como axuda na resolución de problemas variados.

· Utilización da calculadora ou folla de cálculo para organizar datos, calcular parámetros centrais (media, mediana, moda) e de dispersión (percorrido e desviación típica) e xerar os gráficos máis adecuados á situación estudada.

- Emprego do computador para buscar información en Internet útil.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de estudo.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No presente curso as actividades complementarias previstas son:

- A visita o noso centro do xefe da sección de información e asistencia o contribuínte da axencia tributaria para a actividade de educación cívico tributaria,
- Tamén a vista dun responsable da Escola de Comercio de Vigo para distintas charlas como o Marketing dixital e outras que se poidan considerar de interese para alumnos de economía,
- Está prevista unha visita a Zona franca de Vigo ubicada en Porto do Molle do municipio veciño de Nigrán.

4º ESO. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL.

FUNDAMENTOS DA ACTIVIDADE EMPREENDEDORA

O espírito emprendedor dentro da educación foi amplamente abordado desde diversos enfoques. Aínda que se ligou a materias relacionadas co ámbito da economía, cada vez máis implica relación do alumnado coa psicoloxía, a socioloxía e a xestión. Trátase dun fenómeno humano que comprende un amplo espectro de competencias, coñecementos e actitudes, calidades e valores.

Asumir riscos, ser innovador, ter dotes de persuasión, negociación e pensamento estratéxico tamén se inclúen dentro das competencias que deben ser mobilizadas na mocidade para contribuír a formar cidadáns dotados de capacidade para o emprendemento. A resultas, o concepto de educación emprendedora ha de abarcar competencias transversais pero ser definida en resultados de aprendizaxe concretos e diferenciados por nivel educativo.

A competencia “sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor”, asociada a esta materia incide non só na pura actividade económica senón na contribución á sociedade por parte dos individuos, a inclusión social e o aseguramento do benestar da comunidade.

Esta materia inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar aos mozos para unha cidadanía responsable e o mundo laboral. Axuda ao coñecemento de quen son os emprendedores, que fan e que necesitan, pero tamén a aprender a responsabilizarse da súa propia carreira e o seu camiño persoal de formación e, en suma, das súas decisións craves na vida. Todo iso sen esquecer os aspectos máis concretos relacionados coa posibilidade de creación dun negocio propio ou de ser innovadores ou “intraemprendedores” no seu traballo dentro dunha organización.

A materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial artículase en tres bloques:

- Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación.
- Bloque 2. Proxecto de empresa.
- Bloque 3. Finanzas.

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e

grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

k) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

l) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais

relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.

m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL

1. Identificar as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.

2. Investigar con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.

3. Diseñar un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

4. Identificar as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.

5. Distinguir os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.

6. Describir as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigas de persoas traballadoras e persoas empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas continxencias cubertas e describindo as prestacións mediante buscas nas webs institucionais.

7. Identificar as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis relevantes no ámbito indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.

8. Determinar a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.

9. Identificar as características internas e externas do proxecto de empresa así como os elementos que constitúen a rede desta: mercado, provedores, clientes, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, e outros.

10. Describir a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.

11. Manexar como usuario ou usuaria a nivel básico a aplicación informática de control e seguimento de clientes, provedores e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información do proxecto de empresa.

12. Transmitir información entre as distintas áreas e a clientes internos e externos do proxecto de empresa recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación e aplicando o tratamento protocolario adecuado mediante medios telemáticos e presenciais.

13. Crear materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa incluíndo un plan de comunicación en internet e en redes sociais aplicando os principios da mercadotecnia.

14. Desempeñar tarefas de produción e/ou comercialización no proxecto de empresa tomando decisións, traballando en equipo e cumprindo os prazos e obxectivos e propoñendo melloras segundo un plan de control prefixado.

15. Recompilar datos sobre os diferentes apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo coma do territorial, nacional ou europeo seleccionando as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.

16. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoo coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.

17. Enumerar as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando por vía telemática os principais documentos que se derivan da posta en funcionamento.

18. Valorar as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.

19. Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas relacionadas nun balance de situación.

20. Caracterizar de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.

21. Presentar un estudo de viabilidade económico-financeira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo do contorno mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando ratios financeiras básicas.

22. Analizar os produtos financeiros máis adecuados de entre as entidades financeiras do contorno para cada tipo de empresa valorando o custo e o risco de cada un deles e seleccionando os máis adecuado para o proxecto de empresa.

23. Identificar as obrigas fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en indicadores de seguimento (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan descritores da competencia, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os elementos transversais, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional,

traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Desde a área contribúese ao desenvolvemento desta competencia aplicando o razoamento lóxico e a adquisición de diferentes elementos para o bo desempeño do alumnado nela, con accións como a planificación de gastos e ingresos, o cálculo de beneficios ou perdas, a elaboración dun plan de negocio e a análise da viabilidade, a confección dun plan de comercialización... E todo iso a través da observación do contorno, da súa análise e da realización de diversas formulacións para un desenvolvemento sostible.

1. Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.

1. Comunicación lingüística

Importante para o desenvolvemento desta competencia é a adquisición de destrezas básicas como a lectura, a conversación e a escritura, para levar a cabo diferentes tarefas, consideradas

desde a área de participación, en situacións de comunicación de grupo, expresión de ideas, elaboración dun plan de negocio, listaxe de tarefas para desenvolver a actividade do plan de empresa, xeración de diferentes documentos administrativos necesarios, comprensión de diferentes documentos... As actitudes e os valores desta competencia veranse en diferentes tarefas, nas que se fomentará o respecto ás opinións dos demais e o desenvolvemento do espírito crítico.

1. *Os descritores que priorizaremos serán:*

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

1. Competencia dixital

Na actualidade, é necesario o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para diferentes ámbitos das nosas vidas, como traballo, ocio, aprendizaxe, participación na sociedade, etc. É fundamental coñecer o uso de varias aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información... todo iso desenvolverase nas diferentes tarefas propostas, tanto individuais coma grupais, nas que se requira consultar páxinas webs para obter información ou xerar documentos relacionados co plan de empresa, así como tarefas de carácter administrativo, mediante a utilización de diferentes programas de xestión, na presentación defensa de traballos a través da utilización de varios medios e formatos dixitais, e na publicación do que queiramos transmitir. Por todo iso, formularanse tarefas nas que se necesite o uso dos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha actitude activa, segura e crítica cara a estes.

1. *Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:*

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

1. Conciencia e expresións culturais

A expresión cultural é fundamental para o desenvolvemento de aptitudes creativas que poidamos trasladar a varios contextos profesionais. Desde a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial podemos adestrar diferentes aspectos, como a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas e experiencias a través de distintos medios.

1. Polo tanto, nesta área traballaremos os seguintes descritores:

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

1. Competencias sociais e cívicas

Esta competencia necesita do coñecemento e adestramento de diferentes habilidades para elaborar ideas, ter en conta a opinión dos demais, tomar decisións, resolver conflitos, interactuar con outras persoas e grupos respectando unhas normas, interpretar fenómenos e problemas sociais... Os diferentes aspectos que se tratarán desde esta área, como a empresa e a responsabilidade social, o espírito emprendedor, a creatividade e a innovación, o papel do Estado e as administracións públicas nas empresas, o valor social do diñeiro, os intermediarios financeiros na sociedade, a análise dos impostos con respecto ao benestar social, os dereitos e deberes dos consumidores no mundo do negocio, etc., permitirán ao alumnado a obtención dos coñecementos e as habilidades necesarios para o desenvolvemento desta competencia.

1. Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

1. **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial céntrase sobre todo no desenvolvemento desta competencia, a cal implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

1. **Os descritores que adestraremos son:**

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

1. **Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe do día a día do noso alumnado nos diferentes contextos nos que se encontre. Desde esta área adestramos aspectos como a capacidade para iniciar, organizar e persistir no proxecto empresarial, polo que esixe que o alumnado se motive para levar a cabo as diferentes accións, recoñeza as súas fortalezas e as aproveite, coñeza e controle os procesos levados a cabo, utilice diferentes estratexias para o coñecemento dos aspectos relacionados coa autonomía persoal, así como que coñeza os mecanismos de creación de empresas e as finanzas e desenvolva o seu pensamento crítico e

creativo para o descubrimento de novas posibilidades. Todo iso co obxectivo de mellorar o noso contorno e avaliar se se alcanzan os obxectivos preestablecidos.

1. Para o desenvolvemento desta competencia, adestraremos os seguintes descritores:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Os contidos da área de IAEE agrúpanse en tres bloques:

Bloque 1.- Autonomía persoal, liderado e innovación.

- 1.- O carácter emprendedor. Áreas de actividade profesional
- 2.- A relación laboral. Dereitos e deberes laborais.
- 3.- O contrato de traballo. Modalidades de contratos.
- 4.- Os convenios colectivos. A negociación colectiva.
- 5.- A seguridade social. Réxime xurídico.
- 6.- A prevención de riscos laborais. Medidas de prevención e protección
- 7.- O emprendemento

Bloque 2. Proxecto empresarial

- 1.- A idea de negocio. O valor da idea.
2. O emprendedor. O empresario.
- 3.- O plan de empresa.
- 4.- Documentos comerciais.
- 5.- O mercado. O segmento de mercados.

- 6.- Analise da competencia. Produtos substitutivos
- 7.- O proceso produtivo. O produto. O prezo.
- 8.- A promoción. A publicidade. A distribución.
- 9.- Axudas a creación de empresa.

Bloque 3.- Finanzas

- 1.- Inversión, gastos e custos.
- 2.- Financiamento das empresas. Fontes de financiamento.
- 3.-Axudas e subvencións.
- 4.- Formas xurídicas das empresas.
- 4.- Trámites para constitución das empresas.
- 5.- Os impostos.

UNIDADES DIDÁCTICAS, TEMPORALIZACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación.

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	U.D	Bloque	Contido	Mes	Sesións
1ª Avaliac.			BLOQUE 1: Autonomía persoal, liderado e innovación		
	1	B1.1	Autonomía e autoconhecimento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.	Set.	6
		B1.2	Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.		
	2	B1.3	Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.	Out.	6
	3	B1.4	Dereito do traballo.	Out/ Nov.	12
		B1.5	Dereitos e deberes derivados da relación laboral.		
		B1.6	Contrato de traballo e negociación colectiva.		
	4	B1.7	Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.	Nov/ Dec.	12
		B1.8	Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.		
		B1.9	Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.		

1.- Describir as cualidades persoais e destrezas asociadas a iniciativa emprendedora analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.

- 1.1.- Identifica as cualidades persoais ,actitudes aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora recoñendo cal é o rol dos empresarios na xeración de traballo e benestar social

1.2.- Investiga con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresas que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirements que se necesitan para cada un deles.

2.- Tomar decisión sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, autoemprego e carreira profesional en relación coas habilidades persoais propias así como alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.

2.1.- Deseña un proxecto de carreira profesional adaptado ao seu contorno laboral, as súas aspiracións persoais, valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

3.- Coñecer os dereitos e deberes dun traballador responsable, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social en relación a protección da persoa empregada e comprender a necesidade da protección dos riscos laborais.

3.1.- Identifica a normativa e as institución que interveñen nas relación entre persoas traballadoras relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.

3.2.- Distingue os dereitos e as obrigas das relacións laborais elaborando contratos de traballo e analizando algún documento de negociación colectiva.

3.3.- Describe as bases do sistema da SS, as obrigas dos traballadores, as obrigas dos empresarios, e valora a súa acción protectora ante as distintas contingencias describindo as prestacións e realizando buscas nas webs institucionais.

3.4.- Identifica as situación de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade máis relevantes indicando os métodos de prevención legalmente establecidos.

Bloque 2. Proxecto empresarial

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	U.D	Bloque	Contido	Mes	Sesións
2ª Avaliac.		B2	BLOQUE 2: Proxecto de empresa		
	5	B2.1	Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.	Xan.	9
		B2.2	Elementos e estrutura da empresa.		
	6	B2.3	Plan de empresa.	Feb.	11
		B2.4	Planificación na empresa.		
	7	B2.5	Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo.	Mar.	11
	B2.6	Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de			

	8	márketing.	Abr.	5
	B2.7	Axudas e apoio á creación de empresas.		

1.- Crear un proxecto de empresa na aula describindo as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen.

1.1.- Determina a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.

1.2.- Identifica as características internas e externas do proxecto de empresa así como os elementos que constitúen a rede desta: mercado provedores, clientes, sistema de produción e comercialización, almacenaxe...

1.3.- Describe a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa, as función de cada departamento, identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso comercial.

2.- Identificar e organizar a información das distintas áreas do proxecto de empresa aplicando métodos de documentación e tramitación empresarial.

2.1.- Manexa a nivel de usuario aplicacións de seguimento de clientes, provedores, xestión comercial, administración de persoal para organizar o proxecto de empresa.

2.2.- Transmite información entre clientes aplicando técnicas de comunicación e negociación aplicando técnicas presenciais e telemáticas.

3.- Realizar actividades de produción e comercialización propias dun proxecto de empresa aplicando técnicas de comunicación de traballo en equipo.

3.1.- Elabora materiais de publicidade dos produtos e servizos do proxecto de empresa aplicando técnicas de comunicación en internet mediante o uso de redes sociais.

3.2.- Desempeña tarefas de produción e comercialización no proxecto de empresa tomando decisións traballando en equipo, cumprindo prazos, propoñendo melloras según o plan prefixado.

3.3.- Recompila datos sobre apoios e axudas a creación de empresas, tanto no contorno próximo como no territorio nacional ou mesmo europeo, seleccionando aquelas posibilidades que se axustan ao proxecto de empresa formulado.

Bloque 3. Finanzas					
Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións
3ª Avaliac.			BLOQUE 3: Finanzas		
	9	B3.1	Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.	Abr./ Maio	8
		B3.2	Elección da forma xurídica.		
		B3.3	Trámites de posta en marcha dunha empresa.		
	10	B3.4	Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).	Maio/ Xuño	12
		B3.5	Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación.		
		B3.6	Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.		
11	B3.7	Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal.	Xuño	6	

1.- Describir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores así como as esixencias de capital.

1.1.- Distingue as distintas formas xurídicas polo que respeita as esixencias de capital ou as responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.

1.2.- Enumera as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilado via internet os principais documentos para a súa posta en funcionamento..

1.3.- Valora as tarefas de apoio rexistro control e fiscalización que realizan as administracións no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.

2.- Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica tanto internas como externas e valorando as mais axeitadas para o proxecto de empresa.

2.1.- Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas .

2.2.- Distingue de forma básica as posibilidades de financiamento tanto interno como externo, tanto a curto como a longo prazo para a posta en marcha da empresa.

3.- Comprender as necesidades da planificación financeira e de negocio das empresas.

3.1.- Fai un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa analizando previsións de vendas mediante unha folla de cálculo e realizando ratios financeiros básicos.

3.2- Analiza os produtos financeiros mais adecuados entre as entidades do contorno, valorando o custo e o risco de cada un deles, seleccionando o mais adecuado para o proxecto de empresa.

3.3.- Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a actividade. Identifica os impostos básicos IVA, IAE IRPF, IS e indica as principais diferenzas entre eles e valora o que supón a carga impositiva para o país.

CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO				
Obxetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación				
e g	B1.1. Autonomía e autoconhecimento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.	B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	CSIEE CAA
			IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	CD CAA CSIEE

b g	B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.	B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	CAA CSIEE
a c g m	B1.4. Dereito do traballo. B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.	B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	CSC CSIEE
	B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego. B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais. B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.		IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	CSC CSIEE CMCCT
			IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as contingencias cubertas.	CCL CSC CSIEE
			IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios.	CSIEE CAA CMCCT

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO				
Obxetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2. Proxecto de empresa				
d g	B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa. B2.2. Elementos e estrutura da empresa. B2.3. Plan de empresa. B2.4. Planificación na empresa.	B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc	IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	CSIEE CAA
			IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desra (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e /ou comercialización, almacenaxe, etc.)	CSIEE CMCCT CD
			IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos do proceso produtivo ou comercial.	CSIEE CCL CMCCT
			IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	CCL CSIEE CMCCT

b g h	B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo.	B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.	IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.	CD CMCCT CAA
			IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	CCL CSIEE CD CMCCT
g h l	B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing. B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas.	B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo.	IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	CCL CSIEE CD CMCCT
			IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	CSIEE CMCCT CD CAA
			IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios	CD

			á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	CMCCT CSIEE
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO				
Obxetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. Finanzas				
a d g h l ñ	B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica. B3.2. Elección da forma xurídica. B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa.	B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital.	IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	CSIEE CMCCT
			IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	CD CMCCT CSIEE
			IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.	CSC CMCCT

			IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada ca-so segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	CAA CSIEE CMCCT
b f g	B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios). B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación.	B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.	IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.	CSIEE CMCCT CD
			IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CMCCT CD CSIEE
b f g l ñ	B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financiera. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas. B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal.	B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.	IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico- financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.	CD CSIEE CAA CMCCT

			<p>IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.</p>	<p>CAA CSIEE CMCCT CD</p>
			<p>IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.</p>	<p>CMCCT CD CSIEE</p>
			<p>IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.</p>	<p>CSC CAA</p>

METODOLOXÍA

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial: Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a base da materia. A finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e a análise sobre a importancia do mundo da empresa na actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso, necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo sobre procedementos básicos da materia: a reflexión crítica, a análise da realidade, o desenvolvemento de capacidades individuais, a argumentación en público ou a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o adestramento sistemático de destrezas emprendedoras, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Polo que a metodoloxía didáctica a utilizar no desenvolvemento da materia de Iniciación a actividade emprendedora e empresarial debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación.

A proposta didáctica para IAEE elaborouse de acordo os seguintes criterios metodolóxicos:

- Adaptación ás características do alumnado, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.

- Integración e interdisciplinabilidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, expondo as interrelacións entre os contidos da Economía os doutras disciplinas afíns, por exemplo, a historia, as matemáticas, etc..
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Funcionalidade: fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación á contorna, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá.
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Para elo debemos combinar as estratexias expositivas, coas estratexias de indagación.

Estratexias expositivas:

Resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen, as estratexias expositivas, coas estratexias de indagación. As estratexias expositivas presentan ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as formulacións introdutorias e para ensinar feitos e conceptos; especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

Con todo, resulta moi conveniente que esta estratexia se acompañe da realización polo alumnado de actividades ou traballos complementarios de aplicación ou indagación, que posibiliten a conexión dos novos coñecementos cos que xa posúe.

Estratexias de indagación

Presentan ao alumnado unha serie de materiais que debe estruturar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a situacións problemáticas nas que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan á súa vez á adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer ao alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

As técnicas didácticas en que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destácanse polo seu interese as seguintes:

- As tarefas sen unha solución clara e pechada, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar ao alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.

- O estudo de casos ou feitos e situacións concretas como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais.

- Os proxectos de investigación, estudos ou traballos habitúan ao alumnado para afrontar e a resolver problemas con certa autonomía, a exporse preguntas, e a adquirir experiencia na procura e a consulta autónoma. Ademais, facilítanlle unha experiencia valiosa sobre o traballo dos especialistas na materia e o coñecemento científico.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que, na maioría das veces, se basean en soportes escritos, informáticos ou visuais. Así, salientamos a utilización de libros ou material de actividades propostas pola profesora, e por suposto Internet que é hoxe a principal fonte de datos que podemos ter a man. A materia de Iniciación a actividade emprendedora e empresarial impartirase na aula e na aula de informática, polo que os equipos informáticos van a ser unha das principais ferramentas para desenvolvemento das clases

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Apuntamentos da profesora

- Libros de texto, como apoio na aula, das distintas editoriais (Santillana e Mc Grw Hill)

- Internet:

www.camarapvv.com,

www.ipyme.org,

www.autonomosyempreendedores.es,

www.sepe.es,

www.igape.es,

<https://emprego.xunta.gal/portal/gl/>

www.empreendedores.es,

<https://www.elorienta.com/labor/?x=cat:2>

- Pizarra dixital
- Ordenadores
- Revistas e xornais
- Vídeos

AVALIACIÓN: CRITERIOS, PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

a) **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Na secuenciación das unidades didácticas contense os criterios de avaliación previstos para cada unha.

b) **AVALIACIÓN INICIAL: MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS.**

Realizarase unha avaliación inicial para comprobar o nivel de coñecementos dos alumnos, dos conceptos económicos estudados en cursos pasados nas outras materias relacionadas coas ciencias sociais. Consistirá nunha proba escrita, na elaboración dunhas fichas iniciais e na observación do alumnado na aula para comprobar a autonomía do alumnado na procura e elaboración da información proposta. En función dos resultados obtidos a profesora organizará os grupos de traballo e as tarefas medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar en función dos resultados obtidos. En función dos resultados tomaranse as oportunas medidas individuais e colectivas para corrixir as bases que os alumnos teñan da materia.

c) **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

A avaliación establece as capacidades adquiridas polos alumnos/as, así como os métodos de traballo e os tipos de aprendizaxe. A avaliación ten por obxecto informar sobre a evolución do proceso docente na súa totalidade e non debe limitarse a unha simple valoración de coñecementos, senón no conxunto de todos os compoñentes pedagóxicos, de forma que permita modificacións nas previsións iniciais e determine novos obxectivos de acordo coa evolución do proceso.

→ **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Cada alumno/a será avaliado polo seu traballo diario, tanto individual como en grupo, valorando tanto os coñecementos, as capacidades, destrezas, habilidades e actitudes adquiridas e polas probas escritas.

Valoraranse os seguintes aspectos:

- A comprensión e asimilación dos coñecementos fundamentais.
- A obtención e utilización de información.
- A participación no traballo, tanto individual como en grupo.
- A iniciativa do alumno/a.
- A presentación dos traballos propostos.
- A cantidade e calidade das tarefas realizadas.
- As probas escritas e orais que a profesora considere oportunas.
- Comportamento e asistencia dos alumnos/as.

→ **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos de avaliación a utilizar serán os seguintes:

- Seguimento da asistencia regular á clase.
- Observación dos/as alumnos/as na aula e seguimento do seu traballo diario.
- Traballos realizados en grupo tanto orais coma escritos.
- Presentación dos traballos: calidade, limpeza e puntualidade na entrega.
- Resultado das probas escritas e orais propostas pola profesora.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A nota resultará dos resultados dos alumnos nos contidos teóricos, procedementos e actitudes en conxunto.

Nos traballos presentados e probas tanto por escrito coma en soporte informático valorarase:

1. Correspondencia coa realidade.
2. Pulcritude na presentación.
3. Expresar as fórmulas dos procedementos matemáticos empregados.
4. Expresión das unidades das magnitudes medidas.

5. Correcta confección de documentos de acordo o nivel de habilidades, destrezas e capacidades do alumno.
6. Redacción de conclusión dos resultados calculados.
7. Secuencia completa de fichas establecida individualmente para o alumno.
8. Elaboración de índices de contidos.
9. Correcto arquivo dos traballos en soporte informático nas carpetas correspondentes..

CONFORMACIÓN DA CUALIFICACIÓN FINAL GLOBAL:

→ A nota conformarase nun 70% por traballos e probas escritas recollidas. **Estas deberán terse superado nun 50% de contidos.**

CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DE EXAMES:

Na corrección de exames, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos:

- Claridade nos razoamentos.
- Orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro. Non se permite a utilización do lapis.
- Precisión nos cálculos numéricos.
- Faltas de ortografía e erros gramaticais.
- As preguntas teóricas deben estar ben razoadas, afondando nos conceptos a aplicar e non deixando ningún aspecto sen xustificar. En aquelas cuestións tipo test, nas que se lle ofrece ao/á alumno/a varias posibles respostas, si a resposta elixida non é a correcta terá unha puntuación negativa (a metade do que valería si se respondese correctamente)
- Nas preguntas a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais. Tamén se valorará positivamente a elaboración dun esquema-guión no que se resuma o contido da resposta.

- No relativo ás preguntas prácticas (problemas), na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado puntual, senón tamén a corrección (coherencia) da formulación.
- **O feito de que un alumno/a sexa collido/a copiando nun exame, levará consigo que a proba á cal pertenza o exame, lle sexa cualificada con un cero e expulsado do mesmo.**

→ Nun 30% por diferentes traballos diarios e a realización dun proxecto de empresa (coma exercicios, exposicións e artigos relacionados co que se comenta nas explicacións).

A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios nos que se terá en conta aspectos: puntualidade na entrega, presentación, traballo en equipo, utilización da linguaxe económica, e ortografía.

A valoración deste apartado realizarase do seguinte xeito:

- Traballo en equipo e participación: 10%
- Presentación: 10%.
- Redacción e utilización da linguaxe económica: 30%.
- Puntualidade, dentro do prazo: 10%.
- Contidos: 40%.

Será necesario presentar o proxecto de empresa para aprobar a materia.

Si na avaliación correspondente faise máis dun exame o alumno terá que ter mínimo un 4 para facer media.

O alumno deberá ter superadas as tres avaliacións para aprobar o curso.

O peso de cada avaliación será o mesmo na conformación da cualificación final.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

ALUMNOS CON AVALIACIÓN SUSPENSAS

A efectos da recuperación desta materia para aqueles alumnos que ao final do período non acaden os obxectivos establecidos en cada unha das partes do mesmo deseñaranse actividades

específicas. A realización de ditas actividades completaráse cunha proba final de carácter obxectivo de carácter teóricopráctico, ca mesma estrutura que a proba de avaliación, na que o alumno deberá de poñer en práctica as capacidades adquiridas ó longo de curso e ca realización das actividades indicadas.

Para a nota final se calculará a media das tres avaliacións de que consta o curso, é terase en conta a nota de cada avaliación cos decimais correspondentes (e non atendendo a axuste que se fixo para o calculo da nota da avaliación).

Para considerarse aprobada a materia, é necesario ter superadas alo menos 2 avaliacións e na suspenso ter unha cualificación non inferior ó 4. Considerarase superado o curso si esa media e de 5 ou superior nota.

En caso de non acadar a nota media de 5, deberá realizar a recuperación atendendo a avaliación ou avaliacións que teña suspenso/s.

A nota final de xuño para o alumnado que aprobese o final da terceira avaliación será o resultado da media de todas as notas obtidas en cada avaliación cos decimais correspondentes, e o traballo realizado no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO, suporá un 5% a sumar a nota media das tres avaliacións e servirá para axustar a nota o número enteiro mais preto por exceso ou por defecto en función do traballo realizado, en caso de non presentar os traballos ou presentalos mal o axuste da nota será por defecto o enteiro máis próximo.

A nota final para o alumnado con algunha avaliación suspenso será o resultado da media das tres avaliacións unha vez feita a recuperación das avaliacións que corresponda.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

- Interese por ler diante do grupo con claridade e vocalizando.
- Busca de información e lectura de textos sobre acontecementos e persoas relacionadas coas matemáticas ao longo da historia.
- Interpretación de mensaxes que conteñan informacións sobre cantidades, porcentaxes e medidas ou sobre elementos ou situacións de carácter económico.
- Valoración da utilidade dos distintos sistemas de numeración como recursos para a codificación e a transmisión de información relativa ao ámbito, ao desenvolvemento das ciencias, ao pensamento, etc.
- Valoración se a información dada por un texto é fiable, atendendo ás unidades de medida que se mencionan.
- Integrar na linguaxe os números fraccionarios, recoñecendo a súa utilidade como elementos que achegan flexibilidade e precisión.
- Integrar na linguaxe os conceptos e a terminoloxía propios da proporcionalidade e, con eles, incrementar as posibilidades expresivas.

- Comprensión do enunciado dun problema a partir da análise de cada unha das partes do texto e a identificación dos aspectos máis relevantes, comprobación da coherencia da solución co problema proposto.
- Entender un texto co fin de poder resumir e analizar a súa información.
- Análise dos aspectos máis destacables dos gráficos a partir de exemplos tomados dos medios de comunicación e de informacións relacionadas co ámbito económico.
- Expresar concisa e claramente unha análise económica baseada nun conxunto de datos dados.
- Valoración crítica das informacións económicas que aparecen nos medios de comunicación, sabendo detectar, se os houbera, abusos e usos incorrectos.
- Recoñecemento e valoración da utilidade da linguaxe económica para representar e axudar a entender problemas da vida cotiá.
- Sensibilidade, interese e gusto ante o uso da linguaxe económica en informacións e argumentacións sociais ou económicas.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

Para o desenvolvemento da materia de iniciación a actividade emprendedora e empresarial e moi importante o uso das TICS, tanto para a búsqueda da información, como para o tratamento da mesma e presentación do seu proxecto de empresa.

Tratamento das TICS

- Utilización de ferramentas tecnolóxicas para facilitar os cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.
- Realización de operacións combinadas coa calculadora, adaptándose ás características da máquina.
- Utilización da calculadora como ferramenta que facilita os cálculos mecánicos relacionados con potencias e raíces.
- Utilización da calculadora como axuda nos cálculos matemáticos con números decimais e fraccións.
- Utilización da calculadora en situacións de proporcionalidade e porcentaxes.
- Utilización de programas informáticos como axuda na resolución de problemas.
- Utilización da calculadora ou folla de cálculo para organizar datos, calcular parámetros centrais (media, mediana, moda) e de dispersión (percorrido e desviación típica) e xerar os gráficos máis adecuados á situación estudada.

- Emprego do computador para buscar información en Internet, útil para o proxecto de empresa.
10. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de iniciativas emprendedoras.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As necesidades educativas específicas son de natureza distinta; algunhas maniféstanse de forma temporal ou transitoria, mentres que outras son permanentes. Ademais, a súa orixe pode atribuírse a diversas causas:

- As asociadas a condicións escolares, familiares, socioculturais, económicas, etc., de orde eminentemente social.

- As que están vinculadas a problemas e retrasos no desenvolvemento e na aprendizaxe.

- A inmigración.

Os ámbitos da diversidade son, fundamentalmente:

- **Capacidade para aprender.** As actividades educativas que se formulen sitúanse entre o que xa saben facer os alumnos/as de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros/as.

- **Motivacións.** Cómpre que os contidos que se ofrezan ós alumnos/as posúan significado lóxico e lles resulten funcionais.

- **Interese.**

- **Estilos de aprendizaxe.** É preciso saber se o alumno/a, en función da súa forma de aprender é: reflexivo ou impulsivo, sintético ou analítico. Asemade cómpre coñecer:

- a) A modalidade sensorial preferente, é dicir, que os seus coñecementos sexan percibidos - de modo principal - auditiva ou visualmente.

- b) nivel de atención á tarefa segundo o tempo que sexan capaces de manterse atentos no traballo, adicarlle moito tempo ininterrompido ou necesitar frecuentes descansos.

- c) Tipo de reforzo máis adecuado. Uns continuamente, outros nunca, outros intermitentemente, con posibilidades de agrupamentos para o reforzo, dependendo dos casos.

Os catro ámbitos establecidos deparan diferenzas acusadas no alumnado. En consecuencia, o docente debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar estratexias ou recursos variados, que permitan dar resposta á diversidade que presenta este, a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as, ou ante a existencia de diferentes graos de autonomía, ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.

· **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado. De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aqueles alumnos/as que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.

· **Materiais didácticos non homoxéneos**. Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos graos de aprendizaxe.

· **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos**. A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo ou profundización e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Unha das características esenciais que debe asumir o ensino actual é o seu compromiso cunha serie de valores básicos para a vida e para a convivencia, e dicir, a incorporación efectiva nos seus proxectos dos valores éticos (xustiza, solidariedade, igualdade, tolerancia, respecto, paz, saúde,...) que favorezan e fagan posible unha sociedade máis humanizada e democrática.

A educación nos valores non é, soamente, unha dimensión do aprendizaxe a ter en conta no proceso educativo, senón que constitúe un dos factores básicos que determinan a calidade do ensino.

Os valores que favorecen a madurez intelectual e humana dos alumnos englobanse nas chamadas ensinanzas ou temas transversais, que non constitúen en si mesmos unha materia, senón que deben ser tratados dende perspectivas académicas distintas e, polo tanto, inciden parcialmente na programación curricular das diferentes áreas.

Nas ensinanzas transversais propóñense sete valores que deben ser transmitidos:

Educación e racionalidade do consumidor

Educación ambiental e sustentabilidade.

Educación para a paz.

Educación para a igualdade.

Formarase en xeral valores que forman parte do currículo de 1º curso e en menos grao de 2º, tales como:

9. Solidariedade,

10. A creación de hábitos de comportamento pacífico en circunstancias cotiás (aceptación de persoas con outras características e ideas; respecto polas persoas que se atopan dentro da aula; non discriminar a ninguén por razóns físicas ou de sexo...).

11. Hábitos de respecto polo medio que nos rodea, fóra e dentro da aula.

12. Contribuír a desenvolver no alumnado a capacidade de desfrute do entorno, compatibilizándoo coa súa conservación.

13. Axudar a adquirir conciencia das incidencias negativas que a actividade humana provoca no medio ambiente, sensibilizando os alumnos e alumnas fronte a estas cuestións, e motivos de xeito que poidan participar activamente na mellora e protección do mesmo.

14. Responsabilidade como consumidores.

15. Respecto ás normas que rexen a convivencia do consumidor.

16. Aprender a usar, desfrutar e coidar os bens que posúen ou consumen, por sinxelos e cotiás que parezan, recoñecendo a súa utilidade real para a vida e valorándoos en función dela.

Recoñecer e sensibilizarse cos problemas das persoas e pobos que carecen dos bens de consumo básicos, e mostrar unha actitude solidaria e xenerosa, tanto a nivel individual como en colaboración con organismos ou institucións adicados a atención dos grupos sociais ou pobos máis necesitados

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No presente curso as actividades complementarias, entre outras, están previstas a visita o noso centro:

- Xefe da sección de información e asistencia o contribuínte da axencia tributaria para a actividade de educación cívico tributaria,
- Un técnico de SOGAMA (Sociedade Galega do Medio Ambiente) para dar unha charla sobre como realizan a xestión de residuos urbanos e a importancia da política medioambiental.

Tamén se valorará poder visitar algunha empresa ou entidade de interese económico da zona.

AVALIACIÓN DO PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación é un proceso que ten por obxecto determinar en que medida lográronse os obxectivos previamente establecidos, que supón un xuízo de valor sobre a programación establecida, e que se emite ao contrastar esa información con ditos obxectivos.

A avaliación da ensinanza é un proceso ininterrompido, que se inicia co diagnóstico da situación, e que pretende mellorar a acción docente mediante a continua observación e reflexión cooperativa.

Non só debe avaliarse o proceso de aprendizaxe do alumnado senón tamén o proceso de ensinanza. Neste sentido aos datos aportados pola avaliación continua dos alumnos será necesario engadir outros datos referentes a validez da programación das actividades de ensinanza deseñadas, dos recursos materiais e persoais utilizados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación de alumnos, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do profesor.

Na avaliación do proceso de ensinanza teremos en conta:

- O contexto en que se desenvolve o proceso de ensinanza.
- Planificación do proceso de ensinanza: Programación docente.
- Desenvolvemento do proceso de ensinanza: a práctica educativa e aprendizaxe do alumnado.

Os instrumentos que se analizan e axudan para reflexionar sobre os aspectos fundamentais na práctica docente son:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento do ensino.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

PLANIFICACIÓN

INDICADORES	VALORACIÓN (1 ,2,3,4,5)	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia atendendo o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		

MOTIVACIÓN DEL ALUMNADO

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

INDICADORES	VALORACIÓN (1 ,2,3,4,5)	PROPOSTAS DE MELLORA
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos.		
3. Permite aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
8. Expón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
. 9. Expón actividades grupais e individuais.		

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA APRENDIZAXE

INDICADORES	VALORACIÓN (1 ,2,3,4,5)	PROPUESTAS DE MEJORA
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		

6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coevaluación.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente		
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		